

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 27 de NOVIEMBRE de 2009**

**Orde do día** dos asuntos que se van a tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o venres, día 27 de novembro de 2009, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 10/09, do 30 de outubro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 20.101 á nº 23.000 de 2009.

3.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data do Pleno ordinario correspondente ao mes de decembro.

### **Economía, Facenda e Especial de Contas**

4.-Orzamento xeral para o exercicio 2010 e Bases de execución.

5.-Aceptación da delegación de competencias municipais para a reclamación ao Ministerio de Economía e Facenda, pola bonificación do 95% do imposto sobre bens inmobles (IBI) ás autoestradas. Concello de Betanzos.

6.-Aceptación da delegación de competencias municipais para a reclamación ao Ministerio de Economía e Facenda, pola bonificación do 95% do imposto sobre bens inmobles (IBI) ás autoestradas. Concello de Fene.

7.-Aceptación da ampliación da delegación das competencias tributarias do Concello de Brión.

8.-Aceptación da delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infraccións de normas de tráfico do Concello de Arteixo.

9.-Aceptación da delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infraccións de normas de tráfico do Concello de Carral.

10.-Aceptación da delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infraccións de normas de tráfico do Concello de Fisterra.

11.-Aceptación da delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infraccións de normas de tráfico do Concello de Laxe.

12.-Aceptación da delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infraccións de normas de tráfico do Concello de Neda.

[13.-Aceptación da delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infraccións de normas de tráfico do Concello de Oroso.](#)

[14.-Aceptación da delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infraccións de normas de tráfico do Concello de Vimianzo.](#)

[15.-Aceptación da delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infraccións de normas de tráfico do Concello de Brión.](#)

[16.-Dar conta do informe sobre a fiscalización posterior feita aos recursos propios e doutros entres públicos correspondentes ao exercicio 2008 \(Liquidacións de contraído previo derivadas das actas de inspección e os seus expedientes sancionadores, no seu caso\).](#)

[17.-Declaración de prescripción das obrigas pendentes de pagamento correspondente aos exercicios 2003-2005.](#)

### **Persoal e Réxime Interior**

[18.-Aprobación do cadro de persoal e Relación de postos de traballo do ano 2010.](#)

### **Cooperación e Asistencia aos Concellos**

[19.-Aprobación da cuarta fase da anualidade 2009 do Plan de cooperación cos concellos \(PCC\) 2008-2011.](#)

[20.-Aprobación da anualidade 2009 do Proxecto de promoción de eficiencia, aforro e calidade enerxética \(PEACE\).](#)

[21.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Conten. Subter. R/Contramaestre Casado” do Concello de Mugardos, incluída no Plan de obras e servizos \(POS\) 2008. Código: 08.2100.0191.0.](#)

[22.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Saneam. e abast. entre Pé do Muíño-O Peredo” do Concello de Sada, incluída no Plan de obras e servizos \(POS\) 2008. Código: 08.2100.0300.0.](#)

### **Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento**

[23.-Aprobación da terceira fase do Plan especial de parques infantís 2009.](#)

[24.-Aprobación da 3ª fase do “Plan Provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociada ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 \(PAC-2\)”.](#)

25.-Aprobación do proxecto reformado da obra denominada “Recuperación ambiental da marxe dereita da ría do Burgo” do Concello de Oleiros, incluída no Plan de investimentos locais 2005 (PIL) Código 05.3200.0151.0.

26.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Repo. Firme camiños públicos Bañas, Treos e outros” do Concello de Vimianzo, incluída na primeira fase do Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociada ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2) Código 09.3270.0057.0.

27.-Modificación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para preparar a documentación necesaria e desenvolver tarefas de seguimento en relación coa convocatoria 2007 de axudas do fondo europeo de desenvolvemento rexional para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013. Proxecto Mandeo.

28.-Aprobación da formalización dun convenio coa Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais Julio Portela Ceballos, para a cesión de uso dos espazos do antigo colexio “A Milagrosa”.

29.-Modificación do acordo plenario nº 15 do 24 de abril de 2009 no que se aprobou a cesión de uso do local situado na Rúa Matadoiro nº 68 ao Concello da Coruña, para a creación dun espazo dirixido á xuventude e a entidades de acción voluntaria e solidaria ampliando o prazo de cesión de uso.

30.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Bergondo para financiar a instalación da cuberta do patio do Cruz do Sar e de modificación da base 48 de execución do Orzamento do exercicio 2009.

31.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Bergondo para financiar as subministracións para mellora das infraestruturas culturais e educativas no lugar da Senra e de modificación da base 48 de execución do Orzamento do exercicio de 2009.

32.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Muros para financiar as obras incluída no proxecto “Dotación de herba artificial no campo municipal de fútbol das Salinas ”e de modificación da base 48 de execución do Orzamento do exercicio de 2009.

### **Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais**

33.-Aprobación técnica do proxecto incluído no Programa de vías provinciais 2009-2011 Acondicionamento da DP 4904 das Somozas a Balocos por Moeche P.K. 7 ao 8

Moeche) e solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a realización das citadas obras.

34.-Aprobación inicial do Plan de travesías 2009, 11ª fase, integrado polos proxectos: -Construción da senda peonil na estrada DP 3204 Curtis a Lavacolla PK 1+180 a 1+188 (Curtis-Vilasantar).

-Mellora da seguridade viaria da travesía na DP 4604 P.K. 2+480 a 3+100 As Barreiras (Melide)

-Travesía na estrada DP 3205 Présaras a Carregosa P.K. 0+000 a 0+266 (Vilasantar).

35.-Aprobación provisional do Plan de travesías 2008 1ª fase 3ª relación, integrado polo proxecto “Mellora da seguridade viaria na EP 9302 de Zas a Romelle e Forcadela P.K. 0,470 ao P.K. 0,700 Zas (0811300019.0).

36.-Conceder un prazo de 20 días ao Concello da Coruña, para corrixir a documentación do proxecto Terminación do modificado nº 1 travesía na EP 3004 de Cabanas a Martinete PQ 0,3 a PQ 1,40 (A Coruña).

37.-Aprobación do proxecto reformado de ampliación e mellora da EP 2404 A Laracha á Silva por Golmar P.K. 5,900 ao 11,850 A Laracha e Cerceda.

38.-Aprobación inicial do Plan de travesías 2009 8ª fase integrada polo proxecto modificado nº 1 do de mellora da seguridade viaria na EP. 1502 Porto a Laraxe, P.K. 0,00 ao 1,1 (Cabanas) (0811300010.0).

39.-Aprobación inicial do Plan de travesías 2009 6ª fase integrada polo proxecto actualizado “Travesía do Vilar na EP 1301 da Gándara á Amañecida PK 5+800 ao PK 6+470 e no EP 1302 Negreira a Urdilde PK 5+470 ao PK 5+600 Vilar (Brión).

\*Declaración institucional

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 27 DE NOVEMBRO DE 2009

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 27 de novembro de 2009, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ ANTONIO BAAMONDE LÓPEZ	PP
DON JUAN MANUEL BALEATO IGLESIAS	PP
DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON IGNACIO CODESIDO BARREIRO	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DONA ESTHER GONZÁLEZ VÁZQUEZ	PP
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP

DONA SILVIA SEIXAS NAIÁ	BNG
DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON JOSÉ MANUEL TRABA FERNÁNDEZ	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE

Non asiste o Sr. Villamar Díaz.

O Sr. Nogueira Fernández e a Sra. Vázquez Veras entran no punto número 4.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

### **1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 10/09, DO 30 DE OUTUBRO.**

Apróbbase a acta da sesión anterior, nº 10/09, do 30 de outubro.

### **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 20.101 Á Nº 23.000 DE 2009.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 20.101 á nº 23.000, de 2009.

### **3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO.**

Por unanimidade, apróbbase a seguinte proposición da Presidencia:

“Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais realice sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de decembro correspondería celebrala o día 25 dese mes, durante as festas do Nadal, e que esta circunstancia non

permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada.

Polo tanto, como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión plenaria do 28 de xullo de 2007,

PROPÓN AO PLENO, logo da ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao duodécimo mes de 2009 realizarase o día 18 de decembro, venres, a partir das doce horas.”

#### **4.-ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2010 E BASES DE EXECUCIÓN.**

##### INTERVENCIONES

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días.

Na comarca das Mariñas betanceiras, onde teño a honra de residir, que ten como capital Betanzos, alá cando se vai achegar a festa da vendima, polo menos nos meus anos nenos, preparábanse as distintas vituallas, os distintos equipamentos, e había un refrán popular que circulaba e que dicía que “Os cestos e palletas fanse cos vimbios dos que dispomos”, este refrán popular viña dicir que os vimbios eran o que eran, e con eles había que arranxarse. Trasladando este refrán popular a este orzamento, teño que dicir que as economías son as que son, tanto no capítulo de ingresos, minorados, como veremos, como o capítulo de gastos minorados, como tamén veremos, pero cumprindo as necesidades máis importantes, sobre todo de cara aos concellos.

Estas economías dannos un orzamento que podemos definilo como austero, realista e solidario, por unha cantidade de algo máis de 178 millóns e medio de euros, o que supón unha diminución de 11,37 en relación co exercicio 2009. Dicimos que é un orzamento austero porque reduce o gasto corrente, traballouse moito para que o gasto corrente baixase aos termos máis reais posibles, e así conséguese unha baixa do 23%, o que vai traer consigo, esta diminución do gasto corrente, que se incrementen os investimentos produtivos que veñen combater o principal problema que ten a sociedade española e da provincia, que é o paro.

(Entra o Sr. Nogueira Fernández).

Á vez suprimense gastos en publicidade e gastos de representación. Tamén, como se fixo no exercicio pasado, os soldos e as axudas de custo dos cargos públicos mantéñense a cero, por segundo ano consecutivo.



É un orzamento realista, realista porque se busca a conexión coa realidade dos concellos, búscase facer da Deputación máis concello de concellos, e indubidablemente, por que motivo? Entre outras cousas porque se dotan de novos servizos aos concellos da provincia, léase a Unidade de Multas de Tráfico que se aprobou por unanimidade no pasado mes de maio e que se recolle na relación de postos de traballo que aprobaremos, se así o considera o Pleno, tamén nesta orde do día. Á vez, tamén se trata de que as entregas a conta se actualicen tanto numericamente, chegando e superando nalgúns casos o 90%, como as liquidacións provisionais, como se fixeron no pasado mes de xuño aos concellos que teñen delegadas as competencias de recadación, e facendo a entrega a conta provisional, a liquidación provisional no mes de decembro para facer a definitiva no mes de xaneiro do ano 2010, que como saben temos o primeiro trimestre de acordo coas normas aquí alcanzadas.

E terceiro, definía este orzamento como solidario. Solidario porque se manteñen as políticas de servizos sociais, que moitas veces cuantitativamente non representan unha cantidade elevada, pero que cualitativamente van ás persoas máis necesitadas, ás persoas que teñen algunha dificultade psíquica ou motriz, e aquí temos unha partida importante tamén de investimentos produtivos como son a supresión de barreiras arquitectónicas, que se habilita cunha economía de dous millóns de euros. Así mesmo, tanto as organizacións sen ánimo de lucro, ONG, como as comunidades galegas no exterior non sofre ningunha diminución a súa achega.

(Entra a Sra. Vázquez Veras).

Como é sabido, a finais do exercicio 2008 comeza a manifestarse unha situación drástica na economía como consecuencia da crise que se proxecta en distintas facetas da nosa vida, sexa cotiá ou sexa máis institucional. As empresas enfróntanse á redución de demanda, o que pon en risco tanto os resultados económicos como a súa viabilidade. Os cidadáns frean o seu consumo e as posibilidades de emprego sofren unha decadencia semellante á Unión Europea, pero con todo, en España un pouquiño máis, aínda que digo España, cando me refiro a España, refírome ao Goberno central, aos Gobernos autonómicos, que teñen competencias en materia de emprego e ás institucións locais, por iso falaba ao comezo da miña intervención da importancia dos investimentos produtivos.

As Administracións públicas, por suposto, vémonos claramente reducidas nos ingresos, o que vai dificultar que este orzamento saíse como ten que saír, e nese contexto as entidades locais ven, de cara ao exercicio 2010, con distintos problemas que aquí imos analizar o máis sucintamente posible.

Diminúen as entregas a conta na participación dos tributos do Estado. En segundo lugar, a liquidación correspondente ao exercicio 2008 do Estado foi negativa, o que trae consigo dúas cousas. Primeiro, que se limitan os ingresos, ao ser negativa a liquidación, e para máis profundidade digamos, tense que producir unha devolución por parte desta institución de 14 millóns de euros que no proxecto de Lei de orzamentos

xerais do Estado, no anteproxecto, que será a lei antes do 31 de decembro, teremos que facer a entrega, aprazándose ata o ano 2011 e fraccionándose en 48 mensualidades.

Tamén os concellos, os propios concellos, reducen a súa participación de ingresos na Comunidade Autónoma, e aquí quero destacar que hai un acordo recente da Federación Galega de Municipios e Provincias coa Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia, onde se prevé para o ano 2010 un fondo extraordinario de 20 millóns de euros, que virá paliar un pouco este problema económico. E así mesmo, as propias entidades locais sofren unha diminución nos seus propios ingresos. Aquí hai alcaldes, concelleiros, e sabemos perfectamente que actividades vinculadas ao sector urbanístico sofren unha baixada, polo tanto, ou ICIO como consecuencia de non ingresar ICIO, as plusvalías e o IBI urbano forman unha cadea, que esta cadea vai retrotraer no ano 2010 e no ano 2011 os ingresos procedentes destes apartados.

Pero a pesar de todo isto, é necesario facer fronte á crise económica, é necesario presentar un orzamento, como dicía no inicio da miña intervención, realista, austero e solidario, e sen dúbida iso constitúe unha das facetas importantes desta Deputación.

O Orzamento inicial, que presenta o equipo de goberno vén expor a expresión político-económica que busca a cooperación e solidariedade cos distintos cidadáns da provincia, últimos destinatarios, en resumo, das economías que aquí valoraremos. Pero non podemos falar dun feito pechado, é un feito dinámico que se irá corrixindo ao longo do próximo exercicio coas incorporacións de remanentes, coa liquidación do orzamento no seu momento e xa adiantamos, como así o fixo o presidente na comparecencia que tivemos ante os medios de comunicación que, indubidablemente, se hai un superávit, volveranse a pór en práctica os plans anticrise 1 e 2 co gasto corrente ou para investimentos nos concellos.

É evidente que a Deputación da Coruña vai ter, ou xa ten, neste momento, nesta presentación dos orzamentos, dos seus orzamentos, a necesidade de recorrer a unha austeridade, como dicía antes, en gran profundidade. Esta austeridade vén marcada pola conxelación por segundo ano consecutivo dos soldos dos cargos públicos. Os cargos con dedicación exclusiva, as axudas de custo de asistencia ás sesións plenarias, a comisións e a outros órganos vanse a manter no mesmo que no exercicio 2008, que iniciamos aí unha conxelación a 0 dos distintos deputados que mantemos estas dedicacións. Dedúcense tamén no 2010 ao máximo os gastos de representación, os gastos de publicidade e os gastos de desprazamentos.

Estívose revisando pormenorizadamente o capítulo II, o gasto corrente, que como dicía tamén ao comezo da sesión, para lograr tamén esas economías que sustenten investimentos produtivos, tanto internos como externos, e así logramos baixar algo máis do 23% o gasto corrente, capítulo II, con relación ao orzamento inicial 2009.

Poranse en práctica, seguirán pódose en práctica os proxectos de aforro enerxético, no proxecto chamado PEACE, iniciado neste exercicio, e que terá a súa continuidade no ano 2010.

Outro criterio orientador é priorizar os investimentos e transferencias e, sobre todo, manter o programa principal que ten esta Deputación, o Plan de cooperación ás obras e servizos, a pesar da baixada en transferencias de capital por parte da Administración central, o cal merece a nosa crítica neste aspecto, igual que as transferencias correntes, esta institución non só mantén o Plan de cooperación ás obras e servizos, o coñecido como POS, senón que se incrementa en 500.000 euros, contando cunha cantidade de 24.200.000 euros, ademais das achegas que teñen que facer de acordo coas bases correspondentes os concellos, supón un incremento porcentual do 2,07 %. Polo tanto, aquí temos algo importante e destacado, algo importante que é a cooperación cos concellos, que se mantén e ata se incrementa.

Outro aspecto importante, aparte dos investimentos produtivos en estradas, sendas peonís, travesías, que constitúen, aparte de producir investimentos, constitúen unha mellora para as condicións e seguridade do tráfico.

Finalizarase a operación piloto das depuradoras de augas residuais, que depende do departamento de Vías e Obras, ese plan piloto que iniciamos hai uns anos en combinación coa Universidade da Coruña, para estudar aquelas depuradoras máis adecuadas, tendo en conta os núcleos de poboación de Galicia, que sabemos todos que representan preto ou superan o 45% dos existentes en toda a xeografía española.

E, como non, continuarase co eixe vertebrador, que aquí se presentou no seu momento, do Plan estratéxico provincial, que vai culminar no ano 2013, onde Galicia seguirá sendo obxectivo un, como a provincia da Coruña, e onde temos que destacar como proxecto principal neste aspecto, o proxecto Mandeo, financiado con fondos de Desenvolvemento Rexional, con fondos FEDER e con fondos da propia institución.

Igualmente dentro destas características xenéricas quero destacar a innovación tecnolóxica nas distintas tecnoloxías da Administración provincial, o BOP electrónico, a xestión telemática de subvencións, a oficina tributaria virtual, que se está pondo en marcha, e que está dando bos resultados, e tamén, como non, a innovación tecnolóxica de cara aos concellos, coa Administración electrónica para pequenos e medianos concellos da nosa provincia.

Igualmente destacar que se seguirá continuando coa reforma interna informática, que esperamos ter disposta no primeiro semestre do ano que vén.

Xa resumindo nestas características xerais, entre investimentos, programas, actuacións, transferencias, representan de acordo con eses documentos que teñen os señores e señoras deputadas, con eses gráficos e esa distribución, representan preto de 126 millóns de euros, un 70,52% do orzamento total. En resumo, isto quere dicir que de cada 100 euros, preto de 71 van destinados a investimentos, a transferencias correntes e de capital, á mellora dos servizos, en resumo, aos últimos destinatarios que son os cidadáns da nosa provincia, cunha colaboración estimadísima, xa que logo, dos concellos como órganos máis directos e máis en contacto cos cidadáns.

Se falamos dun orzamento, non podemos quedar só con números, temos que falar que detrás deles existe unha filosofía de traballo, existe unha filosofía política e eu aquí, antes de seguir, quero agradecer desde o equipo de goberno que comporta o PsdeG-PSOE e o Bloque Nacionalista Galego, as achegas que fixo o grupo provincial do Partido Popular, que moitas delas recolléronse, e que foron enriquecedoras para este orzamento. O noso agradecemento a esas achegas que fai non só nos orzamentos senón nos distintos expedientes de modificación de crédito, e como non, a todos os funcionarios que participaron e traballaron, funcionarios desta casa que traballaron e traballan arreo en distintos aspectos pero sobre todo aquí refirome aos orzamentos iniciais preventivos 2010, o noso agradecemento, en especial ao departamento de Orzamentos e Estudos Económicos.

Presentamos en tempo e forma o orzamento coa idea de que entre en vigor o 2 de xaneiro e, indubidablemente, conta con todos os informes preceptivos e con todos os documentos e anexos que marca o texto refundido da Lei de bases do réxime local: memoria da Presidencia, informe da Intervención, anexo de investimentos, avance dos primeiros meses do informe económico-financeiro, e como non, as súas bases de execución, para mostrar unha maior claridade e transparencia, como veremos logo, ao expor estas.

Deuse un caso singular de cara ao exercicio próximo. Á parte de facer un orzamento, que eu chamaría base 0, entrou en vigor unha nova estrutura orzamentaria, o que trouxo consigo unha maior dedicación e un maior traballo por parte dos funcionarios, que quero insistir no meu agradecemento.

E con respecto aos grupos políticos, tivemos un calendario de traballo coa entrega do anteproxecto o xoves, 19 de novembro, aos distintos voceiros, tivo lugar a Comisión Informativa correspondente o día 24, onde se fixo ditame favorable, o xoves 26 volvemos ter outra reunión os distintos voceiros para facer unha análise máis profunda, se cabe aínda, do orzamento, e hoxe estamos aquí no Pleno onde daremos a súa aprobación se así o decide os votos desta Cámara.

Voume a referir ao capítulo de ingresos a continuación. As previsións dos ingresos supón unha diminución, como xa indiquei, do 11,37%. Os motivos fundamentais están en que as transferencias do Estado diminúen, as transferencias que se nutre fundamentalmente delas a Deputación, sabemos todos que temos unha dependencia orzamentaria superior ao 85%, sofren unha diminución estas transferencias correntes do 15,24%, o que indubidablemente será máis preocupante aínda no exercicio 2011. Con todo, recursos propios experimentan unha alta participación no capítulo de ingresos, imos a un crédito de 12 millóns de euros que vai ser destinado a dous aspectos de investimentos como son o POS e o Plan de cooperación cos concellos, respectivamente, 7 millóns e 5 millóns.

Pero quero dicir que tamén se adoptaron distintas realidades que son importantes destacar no aspecto de ingresos. Por unha banda, o mantemento que se

aprobou por unanimidade no Pleno do pasado mes de outubro, de manter a cero tanto as taxas como os prezos públicos. Doutra banda, vanse incrementar as entregas a conta aos 82 concellos que teñen delegada a recadación, máis o Consorcio das Mariñas, imos chegar ao 90%, e imos tratar de facer as liquidacións, como xa expuxen ao longo da miña intervención, e así mesmo, habilítase un novo servizo que se presta aos concellos en materia de sancións de tráfico, que é un servizo que os concellos da provincia están valorando de forma moi favorable, esperemos que a comezos de ano estea en marcha, igualmente os servizos económicos de Tesourería, de Xestión, de Recadación e de Inspección Tributaria, están estudando dar traslado a outros aspectos importantes de prestación de servizos que vimos incrementando ao longo deste ano 2009 e continuaremos no ano 2010.

Quero destacar a apelación ao crédito, que xa sinalei, de 12 millóns, e tamén que seguimos mirando cara á Unión Europea. España, como país europeo, ten que ir buscar fondos necesarios, non soamente no FEDER, senón outros fondos de tipo social, a través do Fondo Social Europeo, como son os proxectos que están en vigor e que van continuar no exercicio próximo, entre outros, no proxecto Xiana e no proxecto Dorna. O Departamento da Unión Europea, e que está traballando con intensidade está mostrando algo importante, que temos que buscar fontes de ingresos para seguir combatendo, sobre todo, a través de cursos de formación e por estatísticas así o está dicindo a incrustación da xente nova e da muller á problemática maior do desemprego, e inserilas no mundo laboral.

Teño que dicir que as transferencias da Xunta non son o que quixésemos nós, e quero volver recordar o que xa o presidente dixo en sede parlamentaria, do Parlamento Galego, e o que se trasladou ao presidente da Xunta e aos compañeiros presidentes da Deputación, dicindo a necesidade de que a Deputación da Coruña participe no Fondo de Cooperación Local. Isto é necesario, non só porque o diga o voceiro, neste caso, do equipo de goberno, senón porque tamén o di o artigo 142 da Constitución, que non me vou parar a ler, pero que creo que é coñecido por todas as señoras e os señores deputados. Por iso a nosa chamada de atención e o cumprimento rigoroso do texto constitucional.

E xa no capítulo de gastos, e para tratar de non estenderme moito, vou facer unhas breves puntualizacións. En primeiro lugar dicir que este equipo de goberno, e entendo que toda a Corporación provincial, estamos investindo moito en recursos humanos. O capítulo I merece un apartado especial que quero matizar con catro ou cinco puntos.

En primeiro lugar, no ano 2009 finaliza o primeiro Plan de emprego que tivo esta institución e que comezou co equipo de goberno de coalición, que agora tamén goberna esta casa, no ano 2006. Quedan algúns flocos que trataremos de corrixir, e trataremos no próximo exercicio de darlle a forma adecuada. Vanse incrementar, de acordo coa Lei de orzamentos, co anteprojecto de Lei, o 0,3%, así mesmo, para cumprir o acordo da mesa de funcionarios públicos a nivel estatal, a masa salarial aumenta en 118.000 euros, aproximadamente, o que significa tamén o 0,3%, as

negociacións en materias de acción social mantéñense, co incremento tamén do 0,3%, política de vivenda, política de bolsas, política de adianto de asignacións aos traballadores funcionarios ou persoal laboral, e quero destacar dous aspectos importantes, vai unha partida ao redor de medio millón de euros, coa cal trataremos de negociar ao longo do exercicio aspectos que quedaron aínda sen concretar, estou falando entre outros do Plan de informática, que quero agradecer a unha Comisión especial que se montou e que estiveron presentando un traballo definitivo que aínda non está estudado, e outros focos que quedan no Parque Móbil, nos operarios de mantemento e noutros aspectos do persoal desta casa, que serán estudados e negociados nas mesas correspondentes cos representantes dos traballadores, ao longo do exercicio 2010. Pero non cabe dúbida que o máis importante para este equipo de goberno é a posta en marcha que se vai a facer da valoración de postos de traballo desta institución, é algo que cremos que hai que montar unha administración moderna, unha administración do século XXI, unha administración onde cada traballador saiba o que ten que facer no seu posto de traballo. Esta valoración de postos de traballo farase a través dun posible contrato externo e para o cal vai orzado 75.000 euros e unha Comisión de Seguimento que está creada respecto diso, onde participan as distintas representacións sindicais desta institución, a máis diso os distintos funcionarios asesores. Polo tanto, o investimento en recursos humanos é unha aposta grande deste equipo de goberno como foi en exercicios pasados e como será en exercicios futuros.

Entre os gastos que se incorporan, diría importantes, e que consideramos, e que xa se iniciaron no ano 2008, quero destacar o Plan integrado de seguridade viaria en vías provinciais, a través dos investimentos no Plan VIP, no mantemento e conservación de estradas, nas sendas peonís ou no Plan de travesías, que vai contribuír tamén, non soamente a investimentos, senón a seguridade no tráfico. O Plan de eficiencia enerxética, ao cal me referín, e o Plan integral do río Mandeo para pór en marcha toda a bacía, toda a conca dos ríos Mandeo e Mendo, fundamentalmente, e que o faremos chegar a través de fondos do FEDER e de fondos propios desta Deputación.

Non podemos esquecer, indubidablemente, a promoción económica nos servizos do sector primario, agricultura, gandería, pesca. Outro aspecto, as enerxías renovables, que hoxe entendo que o Consello de Ministros vai a aprobar unha lei importante de cara aos próximos anos, mantemos o programa de solidariedade coas comunidades galegas no exterior e coas organizacións non gobernamentais, e tamén os programas iniciados alá polo ano 2004 con este equipo de goberno, en materia de igualdade da muller e de fomento da lingua galega.

Os investimentos, que os teñen recollidos as señoras e os señores deputados como investimentos produtivos, representan preto dos 70 millóns de euros nos distintos plans como son o POS, o proxecto Mandeo, o proxecto PEACE, o Plan de cooperación aos concellos, que quero destacar que vai unha partida de 5 millóns que se verá incrementada outros 5 millóns de cara aos futuros expedientes de modificación de crédito, a conservación de vías provinciais, o Plan de travesías, os plans de accións comunitarias de cara a concellos e institucións, o Plan de eliminación de barreiras

arquitectónicas, etc., non vou citar aquí nin as contías, nin vou citar todos os plans que a comportan, ao redor de 70 millóns de euros.

Outro aspecto importante son as transferencias correntes ao Consorcio Provincial de Bombeiros, con preto de 3.700.000 euros, que indubidablemente estamos colaborando, tanto a Comunidade Autónoma, a Consellería correspondente, a Deputación e os concellos, e aos distintos parques espallados pola provincia e que están tendo unha rendibilidade que está aí á vista de todos, e que podemos dicir como favorable.

O préstamo de 12 millóns de euros, xa fixen unha exposición que vai destinado ao POS, ao financiamento do POS, onde ten uns 7 millóns e 5 millóns concretamente ao Plan de cooperación aos concellos. E este ano o Plan de obras e servizos, o POS, ten tamén unha vantaxe importante, que veñen demandando os propios concellos, o 50% pódese dedicar ao gasto corrente, que é un dos problemas importantes que temos os servizos, ou que teñen neste caso os servizos municipais.

Destacar tamén como dato, algúns datos, algunhas puntualizacións, que se cumpre estritamente a estabilidade orzamentaria no exercicio 2010. Dicir que trataremos de levar a efecto tamén os dous plans anticrise e outros plans se así o permite o remanente de Tesourería, e dicir que estamos nunha situación económica, eu creo que a solidez económica desta Deputación é forte. Dicirlles que sobre un 25%, a carga financeira é do 8,34%, co cal quedanos unha banda de endebedamento do 16,66%, esta carga financeira, do 8,34 é a máis baixa dos últimos quince anos, o que amosa que estivemos facendo os deberes, o equipo de goberno e tamén o grupo da oposición, o Grupo Popular, estivemos facendo ben os deberes ao longo dos pasados exercicios.

Voume referir, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, brevemente ás Bases de Execución do Orzamento, a catro aspectos que eu creo que son importantes.

En primeiro lugar, mantense o límite das chamadas subvencións nominativas, onde baixan no orzamento inicial, por certo, no 80%, para que o 20%, salvo nalgún caso especial e específico, sexan achegados, ben pola entidade, ou ben polos concellos.

Tamén a publicación no Boletín Oficial da Provincia, na páxina de internet da Deputación, de todas aquelas subvencións outorgadas de réxime de concorrencia, para mostrar a claridade e transparencia de que sempre fixo gala esta casa, e que hai que seguir profundando nela. A información aos grupos políticos, aos cidadáns, é fundamental nas institucións para que vexan en que investimos as economías dos impostos dos nosos cidadáns que nos encargan, neste caso á Deputación da Coruña, que fagamos o mellor uso delas.

Encomendaráselle de novo á Intervención provincial que faga as auditorías correspondentes ás distintas institucións, tomadas ao azar, das distintas subvencións

para facer un seguimento delas, e darase conta destas, da resolución, a este Pleno e antes discutiranse e levaranse á Comisión de Economía.

E xa algo que creo importante de cara aos concellos, no caso das actividades correntes, vaise entregar o 100% da achega provincial da sinatura no momento da concesión o total deste gasto corrente.

Con respecto aos investimentos tamén aboarase o 100% da achega no momento en que se acredite a adxudicación da obra, ou do vehículo, da adquisición, que se trate. E con respecto aos plans, o 70% entregarase no momento da adxudicación, farase efectiva a transferencia, e o 30% na certificación de fin de obra ou na última factura. Creo que estes tres apartados son importantes de cara aos concellos, que como ben dicia, a Deputación estamos convencidos de que estas circunstancias económicas que vivimos nun momento onde no noso espazo da Unión Europea están sufrindo un revés, eu diría que xa estamos na crista da onda ascendente, esperemos que non nos equivoquemos e que as condicións do diálogo, do consenso, do traballo en conxunto, teñen que facer e téñennos que axudar a levar esta institución a bo porto. Temos que ser, insisto, máis concello de concellos, temos que actuar de forma máis áxil, máis obxectiva e máis solidaria, temos que facer eses pagamentos máis áxiles, como falaba das modificacións das bases de execución orzamentaria, temos que continuar cos investimentos produtivos para seguir a loita contra o desemprego, para buscar novos postos de traballo, que son moi necesarios para os nosos conveciños, dado que o paro é o principal problema que ten a nosa sociedade, de aí eses de cada 100 euros, 71 vaian dirixidos a eses programas, actuacións e investimento. Só o acordo xeneroso e o consenso necesario farán posible atopar o mellor camiño para seguir adiante na conquista do benestar económico e social de todos os cidadáns, baseado na obxectividade, na cooperación e na solidariedade, e con eses vimbios que fixemos as palletas e os cestos, son os que presentamos a esta cámara para a súa valoración.

Agradezo a súa atención e pido o voto favorable para este Orzamento inicial 2010. Moitas grazas.

Sra. Pérez Fernández

Moi bo día a todos e a todas. Antes de nada quero xa pedir desculpas por anticipado, porque inevitablemente tamén no meu discurso me reiterarei sobre algunhas cuestións que aquí xa foron ditas. En todo caso entendo que está dentro da lóxica porque estes orzamentos que hoxe se presentan son, evidentemente, o froito dun traballo conxunto de dous grupos políticos e, evidentemente, tamén a recolleita de diversas e valiosas, por que non dicilo, achegas do grupo da oposición. Quero agradecer tamén, como todos os anos, a exposición didáctica, pormenorizada e rigorosa do Sr. deputado de Economía, e tamén, antes de empezar a miña intervención, un agradecemento explícito e especial a todos os funcionarios e funcionarias que tiveron que ver coa elaboración deste orzamento.



Falabamos en novembro do 2007, xustamente con ocasión da aprobación inicial dos orzamentos para o 2008, das circunstancias económicas daquel momento, metidos xa como estabamos nunha crise económica que durante este ano do 2009 debuxou xa os seus trazos máis grosos. Falabamos xa entón dun menor crecemento económico e, polo tanto, dunha menor capacidade de ingresos das administracións públicas, cando aínda o orzamento medraba un 2,11% respecto do 2008, e os ingresos do Estado a esta Deputación sufrían aínda unha levisima redución. O grupo de goberno da Deputación con aquelas expectativas tan pouco prometedoras, elaborara uns orzamentos para este ano 2009 coherentes co contexto económico, e lograba manter os principais plans e programas a levar a cabo por esta institución. En palabras do propio voceiro do Partido Popular naquel debate, a responsabilidade era a liña e a característica principal dos orzamentos que se estaban aprobando.

Desde entón, moitas intervencións, non sempre convincentes, desde distintos e diversos ámbitos, apelando a un cambio de modelo económico que, polo de agora, só se escoita nos discursos e que nos permitise ir decantándonos cara a unha economía produtiva e afastándonos cada vez máis da especulación que nos trouxo a este contexto económico no que estamos.

A día de hoxe o presidente desta Cámara describe, sintética, pero moi atinadamente, na memoria que consta no expediente deste punto da orde do día, cal é o escenario no que estamos e o que se proxecta para o 2010. Dese escenario e da súa análise é do que é consecuencia o documento de orzamentos da Deputación que agora debatemos, e todas e cada unha das propostas nas distintas áreas destes. Así presentamos hoxe uns orzamentos acordes coas severas restricións económicas ás que as administracións públicas estamos sometidas, cuxa columna vertebral é, efectivamente, a austeridade, e non obstante, en paralelo, novamente responsables coas actuacións que a través das distintas partidas vanse poder desenvolver e, desde logo, absolutamente solidarios. Solidarios, ademais, Sr. Lagares, nunha dobre vertente, cos concellos, porque esa é, practicamente, a única razón de ser das deputacións provinciais, e solidarios cun número importante de colectivos e entidades da provincia e do exterior, nas que obviamente repercute tamén esta xa longa e aguda crise económica.

Concordancia coas restricións económicas e a austeridade. O apartado de ingresos diminúe, como xa se dixo, globalmente, un 11,37%, e en concreto as transferencias do Estado máis dun 15%, de maneira que a redución do orzamento en termos absolutos supón preto dos 229 millóns de euros. Consecuentemente, no apartado de gastos levouse a cabo un minucioso labor de supervisión de todas e cada unha das partidas, que deu como resultados máis salientables, os seguintes.

Primeiro, a diminución dun 23% do gasto corrente, que hai que sumar ao xa comezado en 2009, e que supuxo, xa entón, unha redución de máis de 1.500.000 euros.

Segundo, redución ao mínimo dos gastos de representación. Ao 30% de redución do ano 2009, hai que sumar agora un novo 20%, é dicir, un 50% de redución en 2 anos.

Terceiro, conxelación, tamén por segundo ano consecutivo, das retribucións dos membros da Corporación con dedicación exclusiva.

E cuarto, continuidade, tamén na liña xa comezada en 2009, de redución de gasto en investimentos non produtivos.

Orzamentos responsables. Se por un lado a severa diminución de ingresos levounos a recortar drasticamente e nalgún caso a eliminar gasto corrente ou non produtivo, por outro, a responsabilidade lévanos a manter e incluso a aumentar as partidas destinadas a mellorar e favorecer a calidade de vida dos cidadáns e cidadás da provincia. Desta forma, máis do 70% do Orzamento, case 126 millóns de euros, dedícanse a investimentos e programas que redundarán nesa mellora. Por exemplo, dáselle continuidade á actualización e modernización tecnolóxica dos concellos e da propia Deputación: informatización da xestión municipal, boletín electrónico e oficina tributaria virtual, son só algúns exemplos. Máis de 57 millóns de euros para os distintos plans provinciais, dos que preto de 17 millóns destínanse directamente á conservación e investimento nos máis de 2.200 quilómetros de estradas provinciais, ao pé dos que viven miles de habitantes desta provincia.

Importantes recursos económicos, 2.500.000 euros, dirixidos á promoción económica dos sectores primarios e un novo plan para a mellora do pequeno e mediano comercio, que se iniciará en 2010 experimentalmente nas bisbarras do sur da provincia. fomento do emprego, polo tanto, no trasfondo do conxunto destes recursos.

Existencia de dotacións orzamentarias que pon de manifesto, tamén, a preocupación e a aposta deste equipo de goberno polo medio natural e pola sostibilidade, preto de 12 millóns de euros para programas destinados ao aforro e a eficiencia enerxética, e a recuperación dos ríos da provincia, concretamente do río Mandeo.

Fomento da actividade cultural, deportiva e social, na que participan miles de persoas de todas as idades ao longo e ancho da provincia da Coruña.

Recursos destinados ao fomento do deporte de base, impensable en moitos concellos sen a colaboración desta Deputación.

Recursos tamén dirixidos a manter a actividade cultural, que tampouco podería chegar a moitos puntos sen a nosa contribución.

Continuidade nos programas e actuacións dirixidas á igualdade de xénero, tal e como corresponde a un goberno progresista, e tamén, e como non podía ser doutra forma, ás encamiñadas a incidir na normalización do noso idioma, nun momento no

que a crise, neste caso non precisamente de carácter económico, tamén está deixando serias dúbidas sobre a actuación de determinadas administracións neste ámbito que, desde logo, non se pode descoidar.

E como non, recursos dirixidos ás entidades que se dedican diariamente a facer un labor que lle corresponde en moitos casos ás Administracións públicas ás que, dunha maneira encomiable, conseguen suplir. Recursos para actividades, para investimentos e tamén, porque a crise chegou a todos os ámbitos, para gasto e mantemento dos propios centros. Neste apartado eu tamén quero facer unha mención especial á partida de 2 millóns de euros dedicados a seguir contribuíndo á eliminación das barreiras arquitectónicas nos nosos concellos, e que vai servir para completar o programa xa iniciado este ano. En definitiva, o gasto social, o único que se incrementa nestes orzamentos tal, tamén e como corresponde, aos momentos nos que estamos vivindo.

E por último, a terceira característica, que eu tamén subliño destes orzamentos, que son absolutamente solidarios. Solidarios, como dixen, cos concellos en primeiro lugar, porque é sabido que o núcleo competencial básico das deputacións é a atención aos concellos, o seu reforzo, sobre todo dos máis pequenos e con menores recursos, para pola súa parte, mellorar o benestar da cidadanía. Tamén é sabido, tal e como xa se referiu en numerosas ocasións neste debate, que a crise económica está supondo unha forte mingua de ingresos por parte das Administracións públicas. Nos concellos incluso está provocando unha grave deterioración financeira que, sumado ao estrutural raquitismo do financiamento local, está levando a situacións próximas á bancarrota.

Polo tanto, baixo o noso punto de vista cómpre adoptar dous tipos de medidas. Por un lado, medidas de carácter máis urxente e conxuntural, e por outro, medidas de carácter estrutural, de cara a garantir unha estabilidade orzamentaria nos concellos que lles permita prestar de forma eficaz os servizos que teñen encomendados. As primeiras, medidas urxentes e conxunturais, son claramente, e sen ningunha dúbida, as que esta Deputación está levando a cabo, e pretende seguir levando a cabo, de aí a razón principal de cualificativo de orzamentos solidarios cos concellos. Debemos lembrar aquí medidas xa postas en marcha de forma pioneira por este grupo de goberno, os plans anticrise, a asunción dos gastos dos proxectos dos concellos para actuacións a incluír no Plan E, este ano xa recollidos polo propio Plan E, que supuñan para moitos concellos un custo inasumible, ou medidas como o carácter prepagable das subvencións, teñen un carácter conxuntural altamente valorado polos concellos. De cara a este ano a solidariedade destes orzamentos cos concellos, quere ir aínda máis lonxe, non só se mantén, senón que se incrementa en 500.000 euros a pesar da redución dos recursos económicos do Estado dirixido á cooperación local, á dotación para o POS, o plan por excelencia, dedicado á mellora das infraestruturas e os servizos básicos dos concellos, 24.200.000 euros, dos que a metade proceden dun crédito que vai financiar na súa totalidade a achega provincial destinada a investimentos municipais. Un crédito, pois, que se solicita integramente para redundar beneficiosamente nos concellos e que, pola súa parte, séguenos permitindo cumprir a Lei de estabilidade, e aínda pensamos en ter a posibilidade durante este ano de dedicar recursos a novos plans

anticrise.

En definitiva, solidariedade cos concellos e, sen dúbida, solidariedade cos veciños e veciñas deses concellos. Actuacións que tamén servirán, nalgunha medida, a paliar o desemprego que, no noso país, supera xa as 178.000 persoas. Medidas, como digo, urxentes e necesarias, pero que non exclúen, senón que reclaman, que quen ten as competencias lexisle a prol de cambios estruturais nun financiamento local que é, a todas luces, insuficiente e inxusto, que só ten en conta a poboación e o esforzo fiscal, e que non contempla que os custos dos servizos en Galicia son máis altos que no resto do Estado pola dispersión poboacional e o avellentamento da poboación.

Os concellos deben tamén seguir recibindo as cantidades previstas no Fondo de Cooperación Local, e desde logo, tal e como solicitou a FEGAMP recentemente, deben de ter a oportunidade de acceder a un sistema de moratorias das liquidacións negativas na participación de ingresos do Estado. Os concellos ademais, do mesmo xeito que a propia Deputación, deben de ser escoitados e atendidos por quen ten realmente as competencias, á hora de dar ao César o que é do César e a Deus o que é de Deus. Non é de recibo que despois de case 30 anos da aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia, haxa competencias da Comunidade Autónoma que seguen levando a cabo as administracións locais, cando non teñen, ou non temos, nin os medios, nin é a elas a quen lles corresponde facelo. Medidas, pois, de fondo calado, que non están ao alcance dunha Deputación, e que corresponden á Administración autonómica e estatal, das que se agarda, das que a cidadanía agarda, que respondan ás expectativas.

Xa, por último, aínda unha referencia máis á solidariedade destes orzamentos. A contribución e colaboración económica con miles de persoas que participan en centos de asociacións de todo tipo, tanto dentro da provincia como do exterior, e que teñen, e isto xa no terreo da moral, moitas esperanzas postas en nós. Unha colaboración que fará posible que o conxunto desas entidades siga desenvolvendo o seu labor, un labor que beneficia a outros tantos miles de cidadáns e cidadás e que, en boa parte, deberíamos de ser as propias administracións as que as levásemos a cabo.

Remato sen querer que o ton do meu discurso puidese resultar autocompracente, nada máis lonxe da miña intención. Por suposto, todo é susceptible de mellorar, tamén estes orzamentos, pero como no deporte, participar é o importante. E o grupo de goberno da Deputación mostra con este documento orzamentario, unha vontade inequívoca de participar con maiúsculas, aínda en tempos no que o vento vén de cara, de participar decididamente na mellora da calidade e das condicións de vida da cidadanía. Apelamos, non só á responsabilidade que demostran estes orzamentos, senón tamén á de todos os grupos desta Corporación para que esa participación decidida poida ser unánime. Moitas grazas.

## Sr. Rey Varela

Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, o certo é que o Pleno no que se abordan os orzamentos anuais das administracións públicas teñen unha importancia capital, desde o noso punto de vista, na marcha real das diferentes administracións públicas. Os orzamentos deben ser, sobre todo, o contacto coa realidade económica e a plasmación en números dos proxectos políticos das diferentes corporacións. Desde o Grupo Popular quixéramos, aínda que pareza rechamante, resaltar catro principios que nós encontramos reflectidos no diagnóstico que aquí se elaborou e no propio orzamento para o ano 2010 da institución provincial.

O primeiro, o da temporalidade, aínda que nesta Deputación non sexa noticia, os que coñecemos as corporacións locais vemos a dificultade de moitas corporacións locais e dalgunhas administracións públicas de presentar os orzamentos en prazo. Por iso a min gustárame felicitar ao equipo de goberno e ao Sr. Lagares pola presentación en prazo destes orzamentos, pola presentación que fixo neste Pleno e pola coordinación de esforzos dos diferentes departamentos desta casa e, polo tanto, tamén quixéramos en nome do Grupo Popular, agradecer o traballo dos funcionarios e funcionarias da área económica desta Deputación para que estes orzamentos poidan acadar cifras de realismo e que, ao mesmo tempo, se poidan presentar dentro deste escenario de temporalidade que nos gustaría salienta en primeiro lugar.

O segundo tema que quixéramos salienta é o da prudencia. Nós nestes orzamentos non encontramos aventuras como podemos encontrar noutros orzamentos doutras Administracións públicas ou incluso, xa que aquí se fixo unha referencia moi superficial a ela, nunha lei que hoxe aprobou o Consello de Ministros do Goberno de España.

Nós quixéramos salienta en terceiro lugar, e non menos importante, senón que eu creo que é un dos máis importantes, o principio e a vontade para chegar a acordos. Eu creo que sobre todo en épocas como esta de crise económica, os cidadáns esíxenlle aos diferentes grupos políticos, aos diferentes partidos políticos, que cheguemos a grandes acordos para buscar solucións aos problemas que non son dos políticos, senón aos problemas que verdadeiramente son dos cidadáns, e se hai un problema importante neste momento que teñen os cidadáns, as familias españolas é, desde logo, a crise económica. Hai que dicir, ademais sobre este aspecto, que hai moitas ocasións nas que é difícil chegar a acordos porque, fundamentalmente, para chegar a acordos non soamente se esixe a vontade dunha parte, senón que é imprescindible a vontade das dúas partes. Polo tanto, nós queremos saudar que algunhas achegas que fixo o Grupo Popular, se incorporen a estes orzamentos. Obviamente nós tiñamos esa vontade para intentar chegar a algún acordo, pero se esa vontade non fose recíproca por parte do equipo de goberno, dificilmente poderíamos chegar a algún tipo de acordo. Por iso, fundamentalmente, nós non imos votar negativamente á aprobación destes orzamentos, tampouco podemos, por algunhas cuestións que detallarei a continuación, votar a favor.

Dicía antes que nós, e aquí fixéronse referencias á marcha da economía, nós coincidimos no diagnóstico que recolle estes orzamentos, pero nós, como grupo político, non podemos coincidir nin nas causas, nin nas receitas xerais establecidas.

E aquí falouse sobre a situación económica que sofre neste momento a economía española, e falaba eu das causas, e efectivamente, nós cremos que unha das consecuencias máis importantes da crise económica que estamos sufrindo neste momento é a falta de previsión e a falta de medidas, que xa digo, como grupo político non coincidimos.

Quixera lembrar algunhas frases célebres que conservan as hemerotecas sobre algunhas afirmacións da marcha da economía española, do presidente do Goberno, do Sr. Rodríguez Zapatero, dos últimos anos, concretamente unha do 3 de xullo de 2007: “Enunciareino de forma sinxela pero ambiciosa, a próxima lexislatura lograremos o pleno emprego en España, non o quero con carácter conxuntural, quéroo definitivo”, outra de setembro: “Facendo uso dun símil futbolístico, poderíase dicir que España entrou na Champions League da economía mundial”, en xaneiro do 2008: “Crear un alarmismo inxustificado en torno á economía dun país pode danar as expectativas, permítanme que diga que é o menos patriótico que coñezo”, xaneiro do 2008: “A crise é unha falacia, puro catastrofismo, estamos medrando por riba do 3%, aínda que mañá medremos ao 3, ou ao 2,8, que é un crecemento bo, imos seguir creando emprego e tendo superávit”, e máis recentemente, en agosto de 2008: “Sería absurdo pensar que a crise orixinada en Estados Unidos non afecta a economía internacional en xeral e á española en particular”, en decembro de 2008: “Non, ninguén o sabía, en canto entramos nunha situación obxectiva de crise fun o primeiro en falar dunha crise do sistema financeiro internacional e dunha crise económica. En marzo” –refírese a marzo de 2009- “comezará a crearse emprego de maneira intensa”.

Quixera ler para enmarcar o debate económico da situación, ler as palabras que dixo o premio Nobel de Economía do ano 2008, Paul Krugman: “As perspectivas económicas de España son aterradoras, a situación económica é especialmente difícil en España, os próximos anos van ser moi difíciles para os españois, o camiño de saída da crise para España será doloroso ou extremadamente doloroso”.

Algúns dos datos económicos neste momento colócanos con algúns datos francamente preocupantes, un déficit por conta corrente con relación ao PIB de 9,6%, unha débeda externa con relación ao PIB do 152%, un indicador de confianza negativo, un cada vez número maior de empresas en situación concursal, e un déficit por primeira vez nos últimos anos, un déficit económico nas contas xerais do Estado. Iso repercute, por suposto, nos ingresos, que é o que nos afecta aquí, fundamentalmente, os ingresos do propio Estado, están caendo neste momento os ingresos do IRPF no ano 2009 nun 10%, do imposto de sociedades nun 30% e do IVE nun 33%, concretamente na nosa provincia gustaríame salientar algunhas caídas importantes do IRPF entre xaneiro e abril de 2009, do 7,82%, do imposto de sociedades, do 10%, ou do IVE, do 46%.

Polo tanto, esta situación económica xeral, esta crise económica que non me gustaría entrar a discutir se é internacional, se é europea, esta crise económica na que está inmersa España neste momento, acaba afectando tamén a todas as administracións públicas, e a Deputación Provincial da Coruña é unha administración pública que ten unha importantísima dependencia, como se viu aquí, dos Orzamentos Xerais do Estado, polo que a participación dos nosos ingresos sobre os ingresos do Estado vai ter unha mingua moi significativa no ano 2010, concretamente de 154 a 130 millóns de euros.

Polo tanto, xa digo que coincidimos no diagnóstico, pero non coincidimos nas causas nin na saída posiblemente da crise, tendo en conta que se esta crise, desde o noso punto de vista, comezou no ano 2007, todos os indicadores están demostrando neste momento que a crise vai chegar á administración precisamente non agora, senón que vai chegar con toda virulencia no ano 2010, e estamos vendo unha redución económica importante dos orzamentos.

Baixan, polo tanto, e como consecuencia disto, os orzamentos desta Deputación, nun 11,32%, como correctamente manifestou o relator, o Sr. Lagares, e fundamentalmente fíxase nos ingresos correntes, ingresos das transferencias do Estado.

A apelación ao crédito desta Deputación, como se puxo de manifesto, parécenos prudente, está estimada nunha cantidade de 12 millóns de euros, acreditando o cumprimento, que nos parece moi importante, do obxectivo de estabilidade orzamentaria. Por falar de tres ingresos importantes doutras administracións públicas, que foi un debate que xa tivemos no ano anterior, dicir que as transferencias do Estado, como xa se dixo, baixan en 20 millóns de euros, e que segue existindo un déficit ao que nós tamén nos queremos sumar, pero esta vez con relación á Xunta de Galicia, que segue sen ter presente, como manifestou moi correctamente o presidente desta Deputación na súa comparecencia no Parlamento de Galicia, segue sen ter presente ás deputacións no Fondo Galego de Cooperación Local, eu tampouco vou repetir o artigo 142 da Constitución, que o coñecen todos os señores e as señoras deputadas.

E si que me gustaría salienta o crecemento das transferencias doutra administración, que non deixa de selo, que é a Unión Europea, cuxos ingresos si que, a diferenza do que acontece cos do Estado e os da Comunidade Autónoma, si que incrementan, un crecemento positivo que nós valoramos moitísimo, 751.000 euros, como consecuencia da acertada participación desta Deputación en diferentes programas.

A onde vai o noso endebedamento?, xa o dixeron as persoas que me antecederon no uso da palabra, o endebedamento destinarase ao POS, 7 millóns de euros, e ao PCC 5 millóns de euros, é dicir, que todo o endebedamento desta Corporación vaise destinar aos concellos.

En canto aos gastos gustaríame destacar e apoiar algúns deles, e vou dicilo moi resumido por capítulos. Queremos resaltar o apoio que o Partido Popular lle deu ao equipo de goberno para poder pechar un capítulo I, un capítulo de gastos de persoal,

cun incremento soamente do 0,5%. Desde logo, moitas veces espérase que a oposición nas administracións non apoiem este tipo de comportamentos, parece case lóxico criticar, pero xa digo que a vontade deste grupo é demostrar que sabemos estar á altura das circunstancias, e que non parece xustificable pedir neste momento incrementos salariais moi por riba do que a realidade económica da rúa estanos dicindo a todos. Queremos, polo tanto, valorar esta contención económica, con soamente un incremento do 0,5% dos gastos do capítulo I, e queremos resaltar tamén e saudar positivamente a creación da Unidade de Sancións de Tráfico. Cremos que é unha demanda de moitos concellos, moitos tiñanas que ter externalizadas a empresas externas, e nós cremos que iso é unha aposta polos servizos públicos eficaces tamén para trasladar aos concellos.

En canto ao capítulo II, efectivamente, o gasto corrente baixa nun 22%, se ben tamén poderíamos dicir que hai algún tipo de axuste interno das partidas, pero en todo caso, xa digo, cando hai situacións de crise económica, desde logo o que temos que baixar é o gasto corrente como acertadamente, desde o noso punto de vista, se fai nestes orzamentos.

E despois o capítulo III, o capítulo que ten que ver cos xuros da débeda, baixa nun 74,82%, aquí tampouco imos felicitar exclusivamente aos grupos do goberno, tendo en conta que esta decisión obedece a baixada de tipos de xuro do Banco Central Europeo, que neste momento están na contorna do 1,5%, e polo tanto baixan practicamente un terzo dos que tiñamos no momento da aprobación dos orzamentos o ano pasado.

Pero si que me gustaría dicir algo máis sobre a débeda provincial. Neste momento hai unha proxección de débeda provincial de 94 millóns de euros, iso é a acumulación da débeda das sucesivas corporacións provinciais, e gustaríame destacar a importante amortización no exercicio 2010, de 12,5 millóns de euros, amortizando máis débeda da que contraemos nova, eu creo que iso é un bo sinal para non hipotecar o futuro económico da Deputación e poder garantir a alternancia política e a alternancia de proxectos para futuras corporacións.

Facía o Sr. Lagares unha referencia á carga financeira, efectivamente, a carga financeira do 8,34% desta Deputación é a máis baixa das últimas series históricas, se ben na carga financeira a min tamén me gustaría matizar dúas cuestións, ou dúas alertas que temos que ter, eu creo, acesas, para valorar correctamente este dato. Unha é á que fixen referencia antes, aos tipos de xuro, neste momento temos uns tipos de xuro moi baixo e isto inflúe na carga financeira, como non pode ser doutra maneira, esperemos que a evolución dos tipos de xuro sexa a mesma, pero é previsible tamén, eu creo que o Grupo Popular temos que dicir isto que pensamos, que pode acontecer que en anos sucesivos o tipo de xuro volva medrar, e polo tanto, poder volver a ter volumes de carga financeira similar a outros anos. E digo que os tipos de xuro poden volver a medrar, tendo en conta que non é unha decisión que dependa de nós, nin sequera depende do Goberno de España, senón que depende das autoridades europeas, e hai determinados países europeos que están tendo signos de recuperación económica que poden levar ao Banco Central Europeo a subir estes tipos de xuro.



E despois tamén dicir que hai outra luz vermella que tamén debemos de ter presente na carga financeira, que son o recurso liquidado doutros exercicios. Neste momento temos uns recursos liquidados, porque isto calcúlase sobre os recursos liquidados do exercicio anterior, máis altos do que se prevé que vaiamos a ter no futuro, de acordo cos propios datos que presenta este orzamento.

Con respecto a outro capítulo de gastos importantísimos, que é o das transferencias, nós queremos dicir que, desde logo, cremos e reiteramos o noso compromiso co papel das deputacións como concello de concellos, co papel das deputacións como elemento fundamental de apoio aos concellos. Dicir que en cifras, efectivamente, redúcese a transferencia da Deputación aos concellos en 6 millóns de euros, pero hai que dicir as cifras obxectivamente, e ben é verdade que é o que menos baixa de todo o orzamento. Temos un orzamento que por unha situación xeral que se describiu baixa 22, pois a transferencia aos concellos baixa 6 millóns de euros. Hai unha crítica, sobre todo, que colleron algúns medios de comunicación, con respecto ás finalidades dos datos e das achegas que se fan aos concellos, que moitas veces é causada pola falta de coñecemento sobre a realidade que están pasando para sufragar o gasto corrente dos diferentes concellos. Se ben desde un sentido purista da economía podería dicirse que é malo baixar as transferencias de capital e subir as transferencias correntes como acontece no orzamento, nós temos que dicir que lle imos a dar o apoio explícito ao grupo de goberno para axudar aos concellos neste momento onde peor o están pasando, que é nas transferencias correntes, se ben, xa digo, desde un punto de vista de purismo económico, o normal que teñen que facer outras administracións, administracións que teñen que axudar aos concellos, é axudarlles a conseguir investimento.

Con respecto ao capítulo de investimentos, efectivamente, o Plan de travesías está dotado de 2.000.000 de euros, o de vías provinciais, 6,5 millóns de euros, que si que é verdade que poderían subir algo máis.

Desde logo o Partido Popular apostaría por seguir afondando na austeridade, nese criterio de austeridade que resaltaron tanto o voceiro do Partido Socialista como a voceira do BNG, nós apostaríamos non pola conxelación, senón pola redución dun 3%, na liña que o presidente Feijoo levou á Xunta de Galicia, dun 3% da nómina dos altos cargos, apostaríamos tamén por unha maior redución incluso das partidas ligadas a publicidade e propaganda, e apostaríamos tamén, se fose escrupulosamente no noso proxecto, por unha maior redución de achegas a entes externos, por entender que temos unha responsabilidade importante os que nos dedicamos a administrar fondos públicos, que é non facer medrar a administración paralela de ningunha administración.

Botamos tamén en falta a potenciación dalgúns outros servizos de asistencia aos concellos, que cremos que son moi necesarios e que, dalgunha maneira, non vemos moi reflectido nos orzamentos, como son a atención á materia de urbanismo, de informática, de contabilidade e xestión económica, se ben, volvo reiterar, que cremos que hai outros servizos desta Deputación que forman un elemento fundamental de apoio aos

concellos, como son os servizos de Recadación. Eu creo que demostrar que os nosos servizos de Recadación son competitivos é a mellor arma para demostrar a viabilidade das deputacións provinciais e a axuda que lle prestan aos diferentes concellos.

Tamén aparecen, se ben nunha declaración, o PAC 1 e o PAC 2, que se puxo en marcha esta anualidade.

E tamén gustaríame facer, en nome do Grupo Popular, unha breve reflexión sobre a capacidade de execución. O Sr. Lagares falaba dos vimbios que temos para facer os custos, pero xa falamos de vimbios e despois hai que falar da realidade de como facemos os custos. E é verdade que a Deputación presenta uns niveis de execución orzamentaria que eu creo que todos os grupos políticos coincidimos en que poderían ser mellorables. Así, con respecto ao último exercicio cerrado, tendo en conta que é cando os exercicios se pechan cando xa se deixa de falar de orzamentos preventivos como termo que está moi de moda nesta Deputación, e fálase xa de exercicios reais e de cantidades reais, o certo é que o Orzamento da Deputación do ano 2008 non foi o inicial de 197 millóns, senón que foi un Orzamento de 405 millóns de euros, do que se conseguiu executar e chegar a fase 0 de obriga, 183 millóns de euros. Eu creo que é, xa digo, unha inquietude conxunta, e nós cremos que todos os grupos políticos temos que estudar as fórmulas de xestión que permitan que estes datos que escribimos e que discutimos nestes Plenos, se permita levar despois a realidade nas actuacións concretas que desenvolvemos.

Con respecto a outro documento que acompaña aos orzamentos, que é o avance de liquidación a 31 de setembro de 2009, dicir que o Orzamento deste ano aínda vixente inicial era de 200 millóns de euros e que xa temos un orzamento modificado de 429 millóns de euros, cunha execución orzamentaria, xa digo, que pode cualificarse como mellorable. Pero xa digo, que no ánimo de buscar solucións, e non de buscar problemas, no ánimo de agradecer o diálogo que nesta Deputación aínda existe entre os diferentes grupos políticos, anunciar a abstención do Grupo Popular a estes orzamentos. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. presidente, faremos a frase de Gracián, efectiva, o bo se breve, dúas veces bo.

Quero empezar agradecendo tanto a intervención da Sra. Pérez como do Sr. Varela. Indubidablemente coincidimos nunha porcentaxe moi elevada, ao cen por cento, por suposto co noso socio de goberno, e co Sr. Varela practicamente en todo o que dixó. Non vou facer referencia a todo o relativo á problemática da crise, que se refería, que posiblemente non sexa o foro axeitado esta Deputación. O que si quero salientar é que a temporalidade, a prudencia, o consenso, o diálogo, son facetas que este equipo de goberno está practicando e vai seguir practicando no futuro, e niso si que coincidimos porque a situación da provincia eu creo que vai marchar moito mellor

indubidablemente.

Referíanse os dous voceiros ás funcións impropias das deputacións, que temos tamén que avanzar nelas, puña exemplos na Comisión de Economía, que aquí non vou reiterar, e indubidablemente hai que seguir apostando pola Unión Europea, tantos os Fondos de Desenvolvemento Rexional, como os Fondos Sociais Europeo, FSE.

Agradézolle a valoración que fai do capítulo I, importante servizo que facemos na Unidade de Multas, que creo que é un servizo que estaban demandando os concellos. Continuaremos por ese camiño, por eses vieiros, por esas sendas que nos vana marcar, indubidablemente, o que eu dicía ao finalizar e no medio da intervención, que sexamos cada vez máis concello de concellos, que tratemos tamén de esquecer moitas veces que o gasto corrente témolo que incrementar.

Este ano prodúcese, como ben dicía o voceiro do Partido Popular, ao que aproveito tamén para agradecerlle, trasladarei aos funcionarios da área económica, e aos xefes de Servizo, o agradecemento, aínda que a moitos os temos aquí e xa están escoitando a intervención, pero agradecerlle esa sensibilidade que teñen tamén de cara aos funcionarios.

Dicía que o que hoxe é investimento, mañá é gasto corrente, e que a problemática dos xuros, indubidablemente, non está na mente do Grupo Popular, creo que está na mente de todos porque nun momento dado os xuros van dar un pequeno salto, esta vez cremos que vai ser cara a arriba.

Unanimidade na austeridade, e lamento profundamente que non sexa o seu voto favorable, pero que indubidablemente, no exercicio 2010 seguiremos traballando conxuntamente este equipo de goberno co Grupo Popular, de cara ao benestar da provincia, ao benestar dos cidadáns. Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, grazas pola súa atención.

Sr. Presidente

Eu quero agradecerlle a todos os que interviñeron o ton, a forma e o xeito en que se levou o debate dos orzamentos. Creo, como dicía o Sr. voceiro do Partido Popular, non é bo dicir que estamos dando exemplo, pero creo que estamos cumprindo co que debe de ser a nosa obriga, non confrontar, non discutir, e buscar acordos e buscar solucións, e creo que ese é un bo camiño e creo que é un camiño, como dicía o Sr. Lagares, que debemos de manter no futuro nesta Deputación.

## **VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados (12 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente que contén o Proxecto de ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL para o exercicio económico de 2010, que presenta o Sr. presidente, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 168 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procede:

**1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL para o exercicio 2010 por importe de 178.513.500,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:**

#### **CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:**

##### **A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:**

###### **1. OPERACIÓNS CORRENTES:**

	CAPÍTULO I	Impostos directos	16.898.870
,00			
	CAPÍTULO II	Impostos indirectos	10.397.690
,00			
	CAPÍTULO III	Taxas e outros ingresos	7.842.120
,00			
	CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	112.810.726
,84			
	CAPÍTULO V	Ingresos patrimoniais	5.043.361
,00			
	<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>152.992.767</b>
,84			

###### **2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:**

	CAPÍTULO VI:	Alleamento de investimentos reais	2.600.400
,00			
	CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	10.190.332
,16			
	<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>12.790.732</b>
,16			

###### **3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS**

	CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	730.000
,00			
	CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	12.000.000
,00			
	<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>		<b>12.730.000</b>
,00			

	<b>TOTAL DE ORZAMENTO XERAL</b>	<b>178.513.500</b>
<b>,00</b>		
	<b>B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:</b>	
	<b>1. OPERACIÓNS CORRENTES:</b>	
	CAPÍTULO I	Gastos de persoal 36.855.495
,76		
	CAPÍTULO II	Gastos en bens correntes e servizos 27.141.862
,74		
	CAPÍTULO III	Gastos financeiros 1.323.953
,00		
	CAPÍTULO IV	Transferencias correntes 40.000.580
,00		
	<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>105.321.891</b>
<b>,50</b>		
	<b>2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:</b>	
	CAPÍTULO VI:	Investimentos reais 32.019.401
,50		
	CAPÍTULO VII	Transferencias de capital 27.454.736
,00		
	<b>TOTAL DE OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>59.474.137</b>
<b>,50</b>		
	<b>3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	
	CAPÍTULO VIII	Activos financeiros 1.204.575
,00		
	CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros 12.512.896
,00		
	<b>TOTAL DE OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>13.717.471</b>
<b>,00</b>		
	<b>TOTAL DE ORZAMENTO XERAL</b>	<b>178.513.500</b>
<b>,00</b>		

**CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:**

<u>Grupo de función</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u>
1	Servizos públicos básicos	12.786.863,00
2	Actuacións protección e promoción social	
		25.474.440,19
3	Producción bens públicos carácter preferente	
		24.671.581,00
4	Actuacións de carácter económico	
		62.014.538,93
9	Actuacións de carácter xeral	
		39.742.427,88
0	Débeda pública	
		13.823.649,00

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL

178.513.500,00

2º.- Aprobar igualmente as **bases de execución** para o seu desenvolvemento.

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/90, do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se tiveran presentado reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o art. 169.3 do citado texto refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

4º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.”

**5.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS MUNICIPAIS PARA A RECLAMACIÓN AO MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA, POLA BONIFICACIÓN DO 95% DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI) ÁS AUTOESTRADAS. CONCELLO DE BETANZOS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aceptar a delegación presentada polo concello delegante:

⇒ Betanzos.

2) Facultar ao presidente para adoptar as disposicións e actuacións necesarias para levar a efecto as reclamacións.”

**6.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS MUNICIPAIS PARA A RECLAMACIÓN AO MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA, POLA BONIFICACIÓN DO 95% DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI) ÁS AUTOESTRADAS. CONCELLO DE FENE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aceptar a delegación presentada polo concello delegante:

⇒ Fene.

- 2) Facultar ao presidente para adoptar as disposicións e actuacións necesarias para levar a efecto as reclamacións.”

## **7.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE BRIÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Brión en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, incluíndo a colaboración previa cos concellos para a identificación dos propietarios dos vehículos cos que se cometeran as infraccións.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## **8.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DE NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE ARTEIXO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Arteixo.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o día 2 de xaneiro de 2010, unha vez publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

(Abandonan o salón os Sres. García Gorostizu e Traba Fernández).

## **9.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE**

## **INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓNS DE NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE CARRAL.**

Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Carral.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o día 2 de xaneiro de 2010, unha vez publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

## **10.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓNS DE NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE FISTERRA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Fisterra.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o día 2 de xaneiro de 2010, unha vez publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## **11.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓNS DE NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE LAXE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Laxe.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o día 2 de xaneiro de 2010, unha vez publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”



**12.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DE NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE NEDA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Neda.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o día 2 de xaneiro de 2010, unha vez publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

**13.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DE NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE OROSO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Oroso.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o día 2 de xaneiro de 2010, unha vez publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

**14.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DE NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE VIMIANZO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Vimianzo.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o día 2 de xaneiro de 2010, unha

vez publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

**15.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DE NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE BRIÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Brión.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o día 2 de xaneiro de 2010, unha vez publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

**16.-DAR CONTA DO INFORME SOBRE A FISCALIZACIÓN POSTERIOR FEITA AOS RECURSOS PROPIOS E DOUTROS ENTRES PÚBLICOS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2008 (LIQUIDACIÓN DE CONTRAÍDO PREVIO DERIVADAS DAS ACTAS DE INSPECCIÓN E OS SEUS EXPEDIENTES SANCIONADORES, NO SEU CASO).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a fiscalización posterior feita aos recursos propios e doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2008, na aplicación do disposto nos artigos 214,219 e 222 do Texto refundido da lei das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, do apartado 2 da base 32 das de execución do Presuposto para o exercicio 2008 e da Resolución da presidencia núm. 20.744/2002 do 28 de decembro modificada pola Resolución núm. 10.157/2007 do 14 de xuño, pola que se establece a substitución da fiscalización previa dos dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores.

Quedar informados do devandito informe resumo, que conclúe que os actos de xestión tributaria revisados non presentan ningunha deficiencia de importancia e axústanse ao ordenamento tributario de aplicación, polo que é obrigado felicitar aos servizos de xestión tributaria polos resultados obtidos e por estar a superar as dificultades que toda nova aplicación informática supón.”

**17.-DECLARACIÓN DE PRESCRICIÓN DAS OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AOS EXERCICIOS 2003-2005.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Declarar a prescrición das obrigas pendentes de pagamento correspondentes aos exercicios pechados desde o 2003 ao 2005 polo importe total de 16.853,25 euros, segundo o detalle que se indica:

**OPERACIÓNS PRESUPOSTARIAS ANO 2003**

Nº Operación	Fase	Data	Aplicación	Importe	Terceiro	Texto Libre
220030011503	P	01/01/2009	2003 0201 121A 226.03	129,48	32323426P	MONTEROPARDO,MJ.- HON.ESCR.COMPRVTA.LCAL.A ROCHA A.VV.
220030016235	P	01/01/2009	2003 0601 321A 226.99	550,00	35219607Y	PRADARDGUEZ.,D.-HONOR.TRIB .BECAS INVESTIGACION/03.
220030019388	P	01/01/2009	2003 0203 314B 160.06	4,66	35252793A	FARM.C.CARAMES.-MED.SUMIN.JC PEDREIRA SCHEZ.,PORTONOVO.

**OPERACIÓNS PRESUPOSTARIAS ANO 2004**

Nº Operación	Fase	Data	Aplicación	Importe	Terceiro	Texto Libre
220040003938	P	01/01/2009	2004 0605 463B 789.99	751,27	33138533H	A.VV.FAO.-SUB/03 ACOND.CASA FABRICA E INST. MOBILIARIO
220040016577	P	01/01/2009	2004 0402 313H 212.01	580,00	B15910169	PISCINASNARON,SLU.-TRABAJ. CHIMENEA H.INFAN FERROL.
220040000038	P	01/01/2009	1996 0202 721B 620.03	4.591,73	B15111792	CARNESG.EXPOR.SL.-REVER. PARCELA 81-A DE PISA

**OPERACIÓNS PRESUPOSTARIAS ANO 2005**

Nº Operación	Fase	Data	Aplicación	Importe	Terceiro	Texto Libre
220050004342	P	01/01/2009	2005 0403 431A 213.00	135,11	B81672230	SERV.TECN.FOTOELECTR.,SL.- REPAR.CAMARA IXUS DIGITAL
220050007577	P	01/01/2009	2005 0502 126E 226.06	500,00	2528339H	VIDAL RAGOUT M.-GTOS. PONENCIA CURSO GESTION PER
220050007577	P	01/01/2009	2005 0502 126E 226.06	5,90	2528339H	VIDAL RAGOUT M.-GTOS.PONEN CURSO GESTION DE PERS
220050009130	P	01/01/2009	2005 0202 511B 600.01	111,54	76285776C	NAVEIRA MACEIRAS,R.-EXPR.CP 3203-2 MUT.AC.EXPR.BIEN
220050009149	P	01/01/2009	2005 0202 511B 600.01	50,57	33109292X	LAGO PI'EIRO,B.-EXPR.CP 1105-R MUT.AC.EXPR.BIEN.FCA.267
220050012216	P	01/01/2009	2005 0401 511B 601.03	2.457,60	U15880917	VIPI -03 00020 CER.07 CP 0102 AMPL.MEJ. LEMA A ORTO
220050012666	P	01/01/2009	2005 0305 463B 789.99	1.199,90	76517349Y	BATALLA ONS,A.-SUBV.04 ARRANXO FONTE, CANAL.EMP
220050013379	P	01/01/2009	2005 0601 451H 226.99	570,00	33517823S	DE PERSIA MARMO,J.A.-HON.JUR VI PREM ""ANDRES GAOS""
220050016791	P	01/01/2009	2005 0202 511B 600.01	448,17	33259134F	DEUS LOPEZ,M.C.-EXPR.CP 7804,DIF.VALOR DIPUTACION-J.
220050018104	P	01/01/2009	2005 0601 451H 762.99	2.020,00	G15928328	PADR.MUN.MUSIC.BAILE

						LOUSAME.-SUBV/04.UNIFORMES
220050021020	P	01/01/2009	2005 0601 451D 226.99	1.766,10	G15928328	PADROADOLOUSAME.-3.ACT. PROGR.GPO.MUSIC.TEATR/04.
220050025344	P	01/01/2009	2005 0705 313H 639.27	754,00	B15910169	PISCINASNARON,SLU.-SUM. CUBIERT.LONA PISC.H.I.FERROL
220050027438	P	01/01/2009	2005 0701 324A 226.99	510,00	33179394P	CANAL PAZ,M.L.-HONOR.JURADO III PREM.C.ARENAL
<b>TOTAL</b>				<b>10.528,89</b>		

#### OPERACIÓNS NON PRESUPOSTARIAS

Nº Operación	Fase	Data	Referencia	Aplicación	Importe	Texto Libre
320060000055	P	01/01/2009	32004000577	20310	108,30	GALLEGO STAGO,M.-VACACIONES NO DISFRUTADAS NOMINA PREST
“Vistos os proxectos e demais documentación presentados polos concellos da provincia destinatarios do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011, cuxas Bases reguladoras foron aprobadas mediante acordo plenario do 30 de maio de 2008 e publicadas no BOP nº 128 do 5 de xuño do 2008,

1.- Aprobar a 4ª fase da anualidade 2009 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 cuxas cifras globais do financiamento son as que se indican a continuación, e cuxa relación de obras figura no Anexo I a este acordo:

Nº de obras	4
Nº de concellos	4

<b>FINANCIAMENTO</b>	
Achega municipal	57.614,56
Achega deputación	641.607,49
<b>Total</b>	699.222,05

2.- Aprobar os correspondentes proxectos.

3.- A contratación e execución das obras realizarana os concellos de acordo coas instrucións que figuran nas bases 7, 8 e 9 das reguladoras do plan.

O prazo para a contratación das obras incluídas nesta 4ª fase da anualidade 2009 ampliase ata o 30 de xuño de 2010.

4.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei de Administración Local de Galicia.

6.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o plan.”

**PCC- PLAN DE COOPERACIÓN COS  
CONCELLOS 2008/2011  
4ª Fase da anualidade  
2009**

Anexo 1: Obras da 4ª fase anualidade 2009 do Plan de cooperación provincial  
(PCC) 2008/2011

<b>CONCELLO</b>	<b>Código de obra</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>DEPUTACIÓN</b>	<b>CONCELLO</b>	<b>TOTAL</b>
CEE	09. 3300. 0112 0	SANEAMENTO EN CANOSA	126.646,87	14.071,88	140.718,75
			<b>126.646,87</b>	<b>14.071,88</b>	<b>140.718,75</b>
CORISTANCO	09. 3300. 0113 0	RECOLLIDA AUGAS PLUV. EN TRABA E CASTRO	135.453,20	15.050,36	150.503,56
			<b>135.453,20</b>	<b>15.050,36</b>	<b>150.503,56</b>
MOECHE	09. 3300. 0114 0	SANEAMENTO EN BALOCOS	233.858,17	12.308,32	246.166,49
			<b>233.858,17</b>	<b>12.308,32</b>	<b>246.166,49</b>
OUTES	09. 3300. 0115 0	SANEAMENTO EN BANZAS	145.649,25	16.184,00	161.833,25
			<b>145.649,25</b>	<b>16.184,00</b>	<b>161.833,25</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>641.607,49</b>	<b>57.614,56</b>	<b>699.222,05</b>
		<b>NÚMERO DE OBRAS</b>	<b>4</b>		
		<b>NÚMERO DE CONCELLOS</b>	<b>4</b>		

**20.-APROBACIÓN DA ANUALIDADE 2009 DO PROXECTO DE PROMOCIÓN DE EFICIENCIA, AFORRO E CALIDADE ENERXÉTICA (PEACE).**

INTERVENCIÓNS

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, creo que para facer máis áxil, e sen que sirva de precedente para outros Plenos, o Grupo Popular vai votar favorablemente todos os puntos da orde do día ata o final, co cal eu diría de axilizar e pasar á actuación de control do Pleno.

Sr. Presidente

Entón, entendemos que quedan aprobados todos os puntos restantes da orde do día por unanimidade. Moitas grazas.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”1º.- Aprobar a anualidade 2009 do “Proxecto de promoción da eficiencia, o aforro e a calidade enerxética nos servizos públicos municipais dos concellos da provincia” con poboación inferior aos 20.000 habitantes, na que se inclúen as seguintes actuacións, que contratará esta Deputación:

<b>ACTUACIÓNS PEACE Anualidade 2009</b>	<b>PRESUPOSTO (€)</b>
Subministración, instalación e posta en marcha de equipamento para a mellora da eficiencia enerxética en 83 concellos desagregado en 17 lotes	1.836.435,06
Dirección de equipamento aforro enerxético PEACE	113.564,94
Modificación do Convenio coa Universidade da Coruña para PEACE	50.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>2.000.000,00</b>

Código	Denominación	<b>TOTAL (Deputación fondos propios) (€)</b>
09.3340.0021.0	Lote 1 equip. aforro enerxético PEACE	24.093,82



09.3340.0022.0	Lote 2 equip. aforro enerxético PEACE	51.984,80
09.3340.0023.0	Lote 3 equip. aforro enerxético PEACE	64.518,81
09.3340.0024.0	Lote 4 equip. aforro enerxético PEACE	41.047,10
09.3340.0025.0	Lote 5 equip. aforro enerxético PEACE	166.838,68
09.3340.0026.0	Lote 6 equip. aforro enerxético PEACE	85.798,61
09.3340.0027.0	Lote 7 equip. aforro enerxético PEACE	54.437,69
09.3340.0028.0	Lote 8 equip. aforro enerxético PEACE	145.574,21
09.3340.0029.0	Lote 9 equip. aforro enerxético PEACE	201.115,70
09.3340.0030.0	Lote 10 equip. aforro enerxético PEACE	112.597,18
09.3340.0031.0	Lote 11 equip. aforro enerxético PEACE	180.543,53
09.3340.0032.0	Lote 12 equip. aforro enerxético PEACE	110.192,46
09.3340.0033.0	Lote 13 equip. aforro enerxético PEACE	68.915,07
09.3340.0034.0	Lote 14 equip. aforro enerxético PEACE	74.938,48
09.3340.0035.0	Lote 15 equip. aforro enerxético PEACE	263.287,37
09.3340.0036.0	Lote 16 equip. aforro enerxético PEACE	90.816,22
09.3340.0037.0	Lote 17 equip. aforro enerxético. PEACE	99.735,33
09.3340.0038.0	Modif. convenio UDC para PEACE	50.000,00
09.3340.0039.0	Dirección equip. aforro enerxético PEACE	113.564,94
<b>TOTAL</b>		2.000.000,00

2º.- O financiamento destas actuacións realizarase con cargo á partida 0501/731D/60101 do presuposto provincial onde existe crédito dabondo.

3º.- Dispoñer a súa exposición pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.”

**21.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “CONTEN. SUBTER. R/CONTRAMAESTRE CASADO” DO CONCELLO DE MUGARDOS, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2008. CÓDIGO: 08.2100.0191.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Conten. subterr. r/Contramestre Casado” (código:08.2100.0191.0) do Concello de Mugar dos, incluída no POS 2008, cun orzamento de contrata de 32.139,10 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica unha alteración da situación desta.”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación F. Propios</u>	<u>Deputación Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento Total</u>
08.2100.0191.0	Mugar dos	Conten.subterr. r/Contramestre Casado	10.128,00	6.972,00	2.900,00	12.139,10	32.139,10

**22.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “SANEAM. E ABAST. ENTRE PÉ DO MUÍÑO-O PEREDO” DO CONCELLO DE SADA, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2008. CÓDIGO: 08.2100.0300.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Saneam. abast. entre Pe Muíño-O Peredo” (código:08.2100.0300.0) do concello de Sada, incluída no POS 2008, cun orzamento de contrata de 50.007,53 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do trazado inicial das dos tubos previstas no proxecto orixinal.”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación F. Propios</u>	<u>Deputación Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento Total</u>
08.2100.0300.0	Sada	Saneam. abast. entre Pe Muíño-O Peredo	23.932,19	16.474,65	6.852,62	2.748,07	50.007,53

**23.-APROBACIÓN DA TERCEIRA FASE DO PLAN ESPECIAL DE PARQUES INFANTÍS 2009.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan especial de parques infantís 2009, aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión realizada o día 31 de outubro de 2008

( BOP nº 255, do 5 de novembro de 2008), e modificadas na súa base 9 para facelo “prepagable” polo acordo plenario provincial de aprobación da primeira fase do plan do 26 de xuño de 2009 (BOP nº 149 do 2 de xullo de 2009).

Despois de ver as solicitudes presentadas polos diversos concellos da provincia ao abeiro das citadas bases

Logo de ver a proposta de selección das obras subscrita polo presidente da Comisión Informativa de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento, na que se inclúen as solicitudes que integran unha terceira fase do plan porque contan co informe técnico favorable relativo a cada un dos proxectos, aínda que algunha solicitude deba quedar condicionada á emenda ou achega do documento que se especifica

1º) Aprobar a terceira fase do Plan especial de parques infantís 2009, cuxas bases foron aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión realizada o día 31 de outubro de 2008, e cuxo texto íntegro se publicou no BOP nº 255, do 5 de novembro de 2008 e modificadas na súa base 9 polo acordo plenario provincial de aprobación da primeira fase do plan do 26 de xuño de 2009 (BOP nº 149 do 2 de xullo de 2009) para facelo prepagable.

Neste plan inclúense as 17 actuacións que se indican no anexo que se xunta, coa indicación do seu detalle entre os respectivos concellos e a deputación.

O cadro de financiamento total correspondente á terceira fase deste plan é o seguinte:

<b>Deputación</b>	935.625,67
<b>Concellos</b>	234.320,91
<b>Total</b>	<b>1.169.946,58</b>

2º) Aprobar os proxectos técnicos das obras incluídas neste plan.

Despois de realizar todas as actuacións proxectadas nos parques, deben cumprir estritamente o indicado no Decreto 245/2003, do 24 de abril, pola que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís, así como da Lei de accesibilidade 8/1997 do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e tamén no Decreto 35/2000, do 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo os paneis informativos que se coloquen nos parques deben axustarse ao indicado no citado Decreto 245/2003 e ao sinalado no apartado 2.1 da base 2 das reguladoras do plan.

Ademais, en relación ao proxecto técnico da obra do Concello de Muxía, deberán terse en conta as seguintes recomendacións técnicas:

CONCELLO	DENOMINACIÓN PROXECTO	RECOMENDACIÓN TÉCNICA	FORMA E TEMPO DE CUMPRIMENTO
Muxía	“Adecuación e mellora do parque infantil “O Coido	● Que non exista no plano do estado reformado un bambán ou arrandeadoiro que se atope a menos de 1.50 m dun pechado tipo valado ou similar	● Farase constar na acta de replanteo que se cumpre esta recomendación.
		● Que os peches laterais no parque (peches de parcelas ou edificacións) cumpren a normativa UNE.	● Á finalización das obras, mediante certificado expedido pola empresa homologada onde se acredite que o parque cumpre estritamente co esixido nas bases do Plan .

3º) A aprobación definitiva das obras dos concellos de Camariñas, Cariño, Muros, Oza dos Ríos, A Pobra do Caramiñal e Sobrado queda condicionada ao cumprimento dos requisitos que para cada unha delas se indica a continuación, que deberá acreditarse con carácter previo á adxudicación destas:

CONCELLO	Camariñas
OBRA	Rehabilitación da rede de parques infantís. Concello de Camariñas.
CONDICIÓN	- Para as actuacións propostas no parque infantil de Camelle:

	<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Obter a autorización do Ministerio de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Costas, Demarcación de Costas de Galicia, ou do organismo que corresponda da comunidade autónoma galega, no seu caso, por estar en zona de servidume de protección de dominio público marítimo-terrestre.</li> <li>◆ Obter a autorización de Portos de Galicia da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia.</li> </ul>
--	---

	<p>- Para as actuacións propostas no Parque infantil de Xaviña:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Obter a autorización de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.</li> <li>♦ Obter a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia.</li> </ul>
--	--

CONCELLO	Cariño
OBRA	Adecuación ó Decreto 245/2003 do 24 de abril e instalacións de 3 áreas de xogo. Concello de Cariño
CONDICIÓN	<p>- Para as actuacións propostas nos Parques infantís de Cobertizo, da Concha e da Casa da Cultura:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Obter a autorización da Demarcación de Costas de Galicia, por estar no Paseo Marítimo de Cariño.</li> <li>♦</li> </ul>

♦

♦

CONCELLO	Muros
OBRA	Área de lecer infantil do Artón. Ribeira do Maio. Esteiro. Concello Muros.
CONDICIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ratificar o Pleno municipal a Resolución da Alcaldía respecto á aprobación do proxecto técnico da obra e ao detalle do seu financiamento, así como ao contido esixido no modelo que figura como anexo I das bases reguladoras do plan.</li> <li>• Obter a autorización da Demarcación de Costas do Ministerio de Medio Ambiente e Rural e Mariño.</li> <li>•</li> </ul>

•

•

CONCELLO	Oza dos Ríos
OBRA	Mellora e conservación dos parques infantís de Oza dos Ríos
CONDICIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ratificar o Pleno municipal o acordo da Xunta de Goberno Local respecto á aprobación do proxecto técnico da obra e ao detalle do seu financiamento, así como ao contido esixido no modelo que figura como anexo I das bases reguladoras do plan.</li> <li>•</li> </ul>

•

•

CONCELLO	A Pobra do Caramiñal
OBRA	Actuacións melloras pqs. Soler. e cambio emprazamento pq.Baixelas. C. da Pobra.

CONDICIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ratificar o Pleno municipal o acordo da Xunta de Goberno Local respecto á aprobación do proxecto técnico da obra e ao detalle do seu financiamento, así como ao contido esixido no modelo que figura como anexo I das bases reguladoras do plan.</li> <li>•</li> </ul>
-----------	---

CONCELLO	Sobrado
OBRA	Ampliación e acondicionamento do parque infantil de “ Santiago do Campo”
CONDICIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Obter a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.</li> <li>• Ratificar o Pleno municipal o acordo da Xunta de Goberno Local respecto á aprobación do proxecto técnico da obra e ao detalle do seu financiamento, así como ao contido esixido no modelo que figura como anexo I das bases reguladoras do plan.</li> <li>•</li> </ul>

4º) A contratación e execución das obras realizarana os respectivos concellos, de acordo co establecido nas bases 7, 8 e 9 reguladoras deste plan.

O prazo para contratación das obras incluídas nesta 3ª fase da anualidade 2009 amplíase ata o 30 de xuño de 2010.

5º) Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presentara ningunha alegación.

6º) Remitir o expediente para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe.”

A N E X O

EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA TERCEIRA FASE DO PLAN DE PARQUES INFANTÍS 2009

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	FINANCIAMENTO		
			CONCELLO	DEPUTACIÓN	TOTAL
BAÑA A	09.3260.0054.0	MELLORA PARQUES INFANTÍS DE A BAÑA	7.805,36	18.000,00	25.805,36
BOIRO	09.3260.0055.0	REMODELACIÓN DO PARQUE INFANTIL DO SALTÍÑO .CONCELLO BOIRO	10.583,24	59.971,63	70.554,87
CABANA DE B.	09.3260.0056.0	REFORMA E MELLORA DOS PARQUES INFANTÍS DE VARIOS LUGARES C. CABANA DE B.	10.588,19	59.999,72	70.587,91
CAMARIÑAS	09.3260.0057.0	REHABILITACIÓN DA REDE DE PARQUES INFANTÍS CONCELLO DE CAMARIÑAS	64.503,33	60.000,00	124.503,33
CARRAL	09.3260.0058.0	ADECUACIÓN SEGURIDADE ÁREAS DE XOGO INFANTÍS Ó DECRETO 245/2003. C. CARRAL	10.566,14	59.874,76	70.440,90
CEDEIRA	09.3260.0059.0	MEMORIA XUSTIFICATIVA ACTUACIÓNS MELLORA PQS. INFANTÍS MPAL. C. CEDEIRA	9.610,37	54.458,75	64.069,12
CORISTANCO	09.3260.0060.0	PQS. INFANTÍS PRRQS. AGUALADA, TRABA, SAN PAIO, VALENCIA E ERBECEDO.CORISTANCO	10.350,00	58.650,00	69.000,00
CURTIS	09.3260.0061.0	PARQUES INFANTÍS 2009. CONCELLO DE CURTIS	10.783,32	60.000,00	70.783,32
MAZARICOS	09.3260.0062.0	MELLORA E ACONDICIONAMENTO VARIOS PARQUES INTANTÍS CONCELLO MAZARICOS	10.200,00	57.800,01	68.000,01
MUROS	09.3260.0063.0	ÁREA DE LECER INFANTIL DO ARTÓN. RIBEIRA DO MAIO. ESTEIRO. CONCELLO MUROS	9.000,00	51.000,00	60.000,00
MUXIA	09.3260.0064.0	ADECUACIÓN E MELLORA PARQUE INFANTIL "O COIDO". CONCELLO MUXIA	8.923,53	50.566,65	59.490,18
OZA DOS RÍOS	09.3260.0065.0	MELLORA E CONSERVACIÓN DOS PARQUES INFANTÍS DE OZA DOS RÍOS	11.012,62	60.000,00	71.012,62
POBRA DO C.	09.3260.0066.0	ACTUACIÓNS MELLORAS PQS. SOLER... E CAMBIO EMPRAZAMENTO PQ. BAIXELAS. C.POBRA	10.500,00	59.500,00	70.000,00
SANTA COMBA	09.3260.0067.0	REMODELACIÓN E ADAPTACIÓN Á NORMATIVA VIXENTE PARQUE INFANTIL SANTA COMBA	8.999,66	50.998,05	59.997,71
SOBRADO	09.3260.0068.0	AMPLIACIÓN E ACONDICIONAMENTO P. INFANTIL "SANTIAGO DO CAMPO". C. SOBRADO	10.350,00	58.650,00	69.000,00
SOMOZAS AS	09.3260.0069.0	REFORMA E AMPLIACIÓN PARQUES INFANTÍS CASTELO E POELLE.C. SOMOZAS AS	9.909,91	56.156,10	66.066,01
CARIÑO	09.3260.0070.0	ADECUACIÓN Ó DECRETO 245/2003 DE 24 DE AVRIL E INSTAL. 3 ÁREAS XOGO. C. CARIÑO	20.635,24	60.000,00	80.635,24
TOTAL			234.320,91	935.625,67	1.169.946,58

**24.-APROBACIÓN DA 3ª FASE DO “PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE**

## **REPOSICIÓN ASOCIADA AO MANTEMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS ESENCIAIS DOS CONCELLOS 2009 (PAC-2)”.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver as Bases reguladoras do plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2), aprobadas polo Pleno da deputación na sesión realizada o día 27 de marzo de 2009, cuxo texto íntegro está publicado no BOP nº 74, do 1 de abril de 2009, así como o acordo plenario provincial do día 11 de setembro de 2009, de aprobación da primeira fase do plan, en cuxo apartado 4º se acordou ampliar o prazo previsto na base 7 para contratación das obras ata o 30 de xuño de 2010.

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta Deputación do 3 de setembro de 2009, relativa a interpretación da base 2 das reguladoras deste Plan.

Despois de ver as solicitudes presentadas polos diversos concellos da provincia ao abeiro das citadas bases:

1º) Aprobar a terceira fase do Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2), aprobadas polo Pleno da deputación na sesión realizada o día 27 de marzo de 2009, cuxo texto íntegro está publicado no BOP nº 74, do 1 de abril de 2009 e modificadas por acordo plenario provincial do día 11 de setembro de 2009, de aprobación da primeira fase do plan, en cuxo apartado 4º se acordou ampliar o prazo previsto na base 7 para a contratación das obras ata o 30 de xuño de 2010.

No anexo I a este acordo relaciónanse as actuacións solicitadas polos concellos que se inclúen nesta primeira fase, estruturadas nun apartado A, no que se conteñen as novas obras ou subministracións, e nun apartado B no que se indica o importe da achega provincial que cada concello destina ao financiamento da achega municipal obrigatoria para participar noutros plans ou programas da deputación ou doutras administracións públicas que teñan como obxecto as actuacións de reposición ou mantemento ou as subministracións indicadas nas bases do plan.

O resumo dos importes totais desta terceira fase do plan é o seguinte:

	<b>Novas actuacións (Anexo I)</b>	<b>Financiamento de achegas municipais (Anexo II)</b>	<b>T O T A L</b>
<b>Deputación</b>	1.319.031,94	446.366,95	1.765.398,89
<b>Concellos</b>	26.228,68	0,00	26.228,68
<b>T O T A L</b>	<b>1.345.260,62</b>	<b>446.366,95</b>	<b>1.791.627,57</b>



2º) Aprobar os proxectos técnicos das obras ou os pregos das subministracións incluídas neste plan.

3º) A aprobación definitiva das actuacións do Plan base que de seguido se indican queda condicionada ao cumprimento dos requisitos que se detalla para cada unha delas, que deberá acreditarse con carácter previo á súa adxudicación:

<b>Concello e código</b>	<b>Denominación da obra</b>	<b>Importe proxecto</b>	<b>Condición a cumprir</b>
Camariñas 09.3270.0093.0	Repa. e mellora do cm Fonte da Barreira	80.432,44	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Obter a autorización da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural</li> </ul>

4º) Aprobar o plan complementario ao presente plan, no que se inclúen os investimentos que se relacionan no anexo II a este acordo. Estes investimentos teñen carácter de supletorios e financiarase con cargo aos remanentes que se poidan producir por anulacións de proxectos ou baixas de licitación nas actuacións do plan base do respectivo concello, polo que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes.

A aprobación definitiva das actuacións do Plan complementario que de seguido se indican queda condicionada ao cumprimento dos requisitos que se detalla para cada unha delas, que deberá acreditarse con carácter previo á súa adxudicación.

<b>Concello e código</b>	<b>Denominación da obra</b>	<b>Importe proxecto</b>	<b>Condición a cumprir</b>
Ames.	Repa. cm. Gimarás a Outeiro (Biduido) e outros. Concello de Ames	68.936,41	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Obter a autorización da Delegación provincial de patrimonio cultural</li> <li>•</li> </ul>

5º) A contratación e execución das obras realizarana os respectivos concellos, de acordo co establecido nas bases 7, 8 e 9 reguladoras deste plan.

Ampliar o prazo previsto na base 7 para a contratación das obras ata o 30 de xuño de 2010.

6º) Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presentara ningunha alegación.

7º) Remitir o expediente para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe.”

ANEXO I: PLAN BASE

A) OBRAS OU SUBMINISTRACIÓNS

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	FINANCIAMENTO		
			DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
Ames	09.3270.0092.0	Repo. farolas il. exterior lugar de Tarrío. Concello Ames	36.456,12	0,00	36.456,12
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>36.456,12</b>	<b>0,00</b>	<b>36.456,12</b>
Camariñas	09.3270.0093.0	Repa. e mellora do camiño Fonte da Barreira. Camariñas	80.432,44	0,00	80.432,44
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>80.432,44</b>	<b>0,00</b>	<b>80.432,44</b>
Coristanco	09.3270.0094.0	Af. e MCR. cm rurais parrq. Seavia, S. Paio e Traba. Coristanco	64.146,77	0,00	64.146,77
	09.3270.0095.0	Af. e MCR. cm rurais en parrq. de Valencia. Coristanco	67.173,58	0,00	67.173,58
	<b>SUBTOTAL</b>	<b>131.320,35</b>	<b>0,00</b>	<b>131.320,35</b>	
Fisterra	09.3270.0096.0	Repa. infr. pub. san. rúas Fistera e Castros- Sardiñeiro. Fistera	38.647,75	0,00	38.647,75
	09.3270.0097.0	Canlz. eléctrica na rúa Alcalde Fernández. Concello Fistera	23.039,70	11.195,89	34.235,59
	<b>SUBTOTAL</b>	<b>61.687,45</b>	<b>11.195,89</b>	<b>72.883,34</b>	
Mazaricos	09.3270.0098.0	Mellora na pav. do campo da feira da Picota. Concello Mazaricos	128.946,25	0,00	128.946,25
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>128.946,25</b>	<b>0,00</b>	<b>128.946,25</b>
Melide	09.3270.0099.0	Mellora do camiño de Golán a Orois. Concello Melide	56.383,38	0,00	56.383,38
	09.3270.0100.0	Mellora catro locais sociais en prrq. Xubial, Agrón, Gondollín...	32.615,17	0,00	32.615,17
	09.3270.0101.0	Repa. e mant. das oficinas municipais. Concello Melide	49.000,00	0,00	49.000,00
	<b>SUBTOTAL</b>	<b>137.998,55</b>	<b>0,00</b>	<b>137.998,55</b>	
Ordes	09.3270.0102.0	Reparación rúa da Feira. Concello Ordes	43.116,26	0,00	43.116,26
	09.3270.0103.0	Repa. canlz. pluv. e beirarrúas no Castro, Leira. Concello Ordes	63.750,87	0,00	63.750,87
	09.3270.0104.0	Reparación rúa do Muíño. Concello Ordes	56.415,70	0,00	56.415,70
	<b>SUBTOTAL</b>	<b>163.282,83</b>	<b>0,00</b>	<b>163.282,83</b>	
Ortigueira	09.3270.0105.0	Subministrac. camión para servizo da RSU. Concello Ortigueira	136.880,00	0,00	136.880,00
	09.3270.0106.0	Conservación e mant. de pistas municipais. Concello Ortigueira	45.848,61	0,00	45.848,61
	<b>SUBTOTAL</b>	<b>182.728,61</b>	<b>0,00</b>	<b>182.728,61</b>	
Ribeira	09.3270.0107.0	Pav. camiños en Mondelo (Palmeira). Concello Ribeira	71.562,69	0,00	71.562,69

	09.3270.0108.0	Repa. il. púb. do Paseo Marítimo de Coroso.Concello Ribeira	64.319,74	0,00	64.319,74
	09.3270.0109.0	Pav. e renov. de serv. en cm. Barrio de Cubeliños. Concello Ribeira	70.816,65	0,00	70.816,65
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>206.699,08</b>	<b>0,00</b>	<b>206.699,08</b>
Sada	09.3270.0110.0	Dot. ab. auga entre Samoedo e O Castro en Osedo. Sada	15.113,59	14.886,41	30.000,00
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>15.113,59</b>	<b>14.886,41</b>	<b>30.000,00</b>
Sobrado	09.3270.0111.0	Repa. e pav. cam de Porcariza, Corral-Senin, Nogueira...Sobrado	53.988,96	0,00	53.988,96
	09.3270.0112.0	Mellora e repa. deficiencias equip.captación e dep. auga. Sobrado	39.717,39	146,38	39.863,77
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>93.706,35</b>	<b>146,38</b>	<b>93.852,73</b>
Somozas, As	09.3270.0113.0	Mellora e repa. deficiencias na ETAP do Concello de Somozas	49.905,98	0,00	49.905,98
	09.3270.0114.0	Mant. e repo.il.púb. en varios puntos do Concello de Somozas	30.754,34	0,00	30.754,34
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>80.660,32</b>	<b>0,00</b>	<b>80.660,32</b>
		<b>TOTAIS</b>	<b>1.319.031,94</b>	<b>26.228,68</b>	<b>1.345.260,62</b>

## B) ACHEGAS A OUTROS PLANS OU PROGRAMAS

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	FINANCIAMENTO		
			ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Ames	09.3270.0330.0	Achega mpal. Convenio 24/03/09 D.P."Reurb. Rúa Travesa".Ames	158.375,48	0,00	158.375,48
	09.3270.0331.0	Achega mpal. Plan iluminación. cmp. fútbol Bertamiráns.Obra 34	7.904,95	0,00	7.904,95
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>166.280,43</b>	<b>0,00</b>	<b>166.280,43</b>
Cambre	09.3270.0332.0	Achega mpal prog. apoio deporte aos concellos 2008. Cuberta pavillón polideportivo. O Temple	48.737,49	0,00	48.737,49
	09.3270.0333.0	Achega mpal prog. apoio deporte aos concellos 2009. Ampl. vestiarios da pisc. mpal do Graxal á normativa sanitaria	119.018,23	0,00	119.018,23
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>167.755,72</b>	<b>0,00</b>	<b>167.755,72</b>
Sada	09.3270.0334.0	Achega mpal. PCC.2009 Subst. rede san.Tenencia.Obra 86. Sada	90.444,39	0,00	90.444,39
	09.3270.0335.0	Achega mpal. Plan iluminación cmp. Fútbol As mariñas. Obra 39	10.578,53	0,00	10.578,53
	09.3270.0336.0	Achega mpal. Plan parques infantís. Rúa Pontedeume Obra 17	11.307,88	0,00	11.307,88
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>112.330,80</b>	<b>0,00</b>	<b>112.330,80</b>

TOTAIS 446.366,95 446.366,95

C)  
RESUMO

A) OBRAS OU ADQUISICIÓNS	1.319.031,94	26.228,68	1.345.260,62
B) ACHEGAS A OUTROS PLANS OU PROGRAMAS	446.366,95		446.366,95
TOTAL	1.765.398,89	26.228,68	1.791.627,57

ANEXO II: PLAN COMPLEMENTARIO

CONCELLO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
Ames	Repa. cm Guimaráns a Outeiro (Biduido) e outros	68.936,41
Cambre	Mellora rede ab. de Peiraio e na rede pluv. de Meixigo. Cambre	50.978,90
Ordes	Repa. pluv. e beirarrúas en rúa Canteira, 2ª fase	40.356,06
Ortigueira	Mellora vestiarios pavillón deportivo mpal. do CEIP. Ortigueira	40.273,23
Sada	Subst. il.púb.e condutores por outros no casco histórico. Sada Acd. camiño de Vertín a Seixeda. Concello Sada	72.281,75 30.973,42
<b>TOTAIS</b>		<b>303.799,77</b>

**25.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA DENOMINADA “RECUPERACIÓN AMBIENTAL DA MARXE DEREITA DA RÍA DO BURGO” DO CONCELLO DE OLEIROS, INCLUÍDA NO PLAN DE INVESTIMENTOS LOCAIS 2005 (PIL) CÓDIGO 05.3200.0151.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “**Rec. ambiental mx.dta. Ría do Burgo**”, do Concello de Oleiros, 05-3200-0151.0, incluída no Plan de investimentos locais 2005 (PIL). O proxecto reformado implica un incremento no seu presuposto tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariable a achega da deputación:

**Código: 05-3200-0151.0 Obra: Rec.ambiental mx.dta. Ría do Burgo:Concello de Oleiros**

<b>SOBRE O ORZAMENTO DE CONTRATA</b>			
	PROXECTO INICIAL	PROXECTO REFORMADO	DIFERENZA
DEPUTACIÓN	701.953,71	701.953,71	0,00
CONCELLO	154.339,22	365.985,26	211.646,04
<b>TOTAL</b>	<b>856.292,93</b>	<b>1.067.938,97</b>	<b>211.646,04</b>

**26.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “REPO. FIRME CAMIÑOS PÚBLICOS BAÍÑAS, TREOS E OUTROS” DO CONCELLO DE VIMIANZO, INCLUÍDA NA PRIMEIRA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE REPOSICIÓN ASOCIADA AO MANTEMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS ESENCIAIS DOS CONCELLOS 2009 (PAC-2) CÓDIGO 09.3270.0057.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto da obra denominada “Repo. firme camiños públicos Baíñas, Treos e outros” do Concello de Vimianzo, incluída na primeira fase do Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC2) (Código 09.3270.0057.0), que foi aprobada na sesión plenaria realizada o día 11 de setembro de 2009, cun presuposto de contrata de 64.423,79 euros, xa que introduce algunhas modificacións das actuacións previstas no proxecto técnico inicial, con motivo da supresión das obras do camiño público de Baiña e a súa substitución pola pavimentación do viario público no tramo rodado dende Torelo a Castromil, pero sen alterar o orzamento total da obra nin o orzamento do plan no seu conxunto.”

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Vimianzo	09-3270-0057.0	Repo.firme camiños públicos Baiña, Treos e outros	64.423,79	0,00	64.423,79

**27.-MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA PREPARAR A DOCUMENTACIÓN NECESARIA E DESENVOLVER TAREFAS DE SEGUIMENTO EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA 2007 DE AXUDAS DO FONDO EUROPEO DE**

## **DESENVOLVEMENTO REXIONAL PARA COFINANCIAR PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBANO DURANTE O PERÍODO DE INTERVENCIÓN 2007-2013. PROXECTO MANDEO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a modificación do convenio suscrito entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña PARA FINANCIAR AS TAREFAS RELACIONADAS COA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO FEDER PARA COFINANCIAR PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBANO DURANTE 2007-2013, consistente a devandita modificación nos seguintes aspectos: engadirlle tarefas complementarias ás previstas en el convenio inicial tales como

### **1. Dirección técnica do proxecto Mandeo , que incluirá:**

- Análises de propostas de actuación ea súa valoración técnica
- Seguimento do proxecto: asistencia a reunións mensuais do grupo de Traballo do proxecto, reunións con axentes sociais, reunións da Comisión Estratéxica e outras que poidan xurdir no marco do proxecto.
- Realización de presentacións públicas do proxecto dentro e fóra de Galicia

### **2. Apoio á dirección de obras /subministracións/servizos licitados no marco do proxecto, que incluirá:**

- Asistencia a reunións coas empresas adjudicatarias e provedoras do proxecto Mandeo para seguimento dos traballos.
- Revisión e validación dos entregables elaborados polas empresas provedoras do proxecto Mandeo.
- Visita a obras e o seu seguimento
- Supervisión de proxectos e asistencia técnica de dirección de obras.

Como consecuencia destas actuacións complementarias establecerase un novo equipo de traballo para dirixilas e coordinalas concretando os membros integrantes

Así mesmo estas novas actuacións supoñen un incremento no presuposto do convenio por importe de 242.319 € destes un 70% será financiado por fondos FEDER e da UE e nun 30% (72.695,70 €) pola Deputación da Coruña con cargo á aplicación 0501/560C/60103 código de proxecto 09.2800.0013.0, unha nova forma de pago, e un novo período de vixencia, todos estes extremos se recollen nas cláusulas e no anexo I do borrador da modificación do convenio que se achega.

2.-Facultar ó presidente para a execución do presente acordo.”

## **28.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO COA FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS JULIO PORTELA CEBALLOS, PARA A CESIÓ DE USO DOS ESPAZOS DO ANTIGO COLEXIO “A MILAGROSA”.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Deixar sen efecto o convenio da colaboración coa Universidade da Coruña para a cesión de uso de espazos do antigo Colexio A Milagrosa para impartir os Estudos Universitarios de Relacións laborais, aprobado por sesión plenaria do 24-04-2009 por acordo nº 16.

2º) Aprobar a formalización dun convenio coa Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais Julio Portela Ceballos”, para a cesión de uso dos espazos do antigo colexio A Milagrosa nos mesmos termos ca o convenio anterior non formalizado coa Universidade da Coruña, e cuxo texto se achega.”

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACION ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIONES LABORAIS JULIO PORTELA CEBALLOS PARA A CESIÓN DE USO DE ESPAZOS DO ANTIGO COLEXIO A MILAGROSA Á UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA IMPARTIR OS ESTUDOS UNIVERSITARIOS DE RELACIONES LABORAIS**

A Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte, o Ilmo. Sr. don Salvador Fernández Moreda, presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

E

Doutra, o

**EXPÓN**

A Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais Julio Portela Ceballos precisa dispor de espazos para atender as necesidades da Escola de Relacións Laborais. No propósito por parte da Deputación Provincial da Coruña de colaborar coa Fundación, facilitando o cumprimento das súas fins e necesidades

**CLÁUSULAS**

**Primeira.- Obxecto**

A Deputación Provincial da Coruña autoriza á Fundación Escola Universitaria de



Relacións Laborais Julio Portela Ceballos a usar con carácter gratuíto os espazos que se describen a continuación na á norte do antigo Colexio da Milagrosa

Superficies

Prezo

Total

Planta baixa: 790,14 m<sup>2</sup>

1.792,00 m<sup>2</sup>

1.415.930,88 □

Planta alta: 338,44 m<sup>2</sup>

1.792,00 m<sup>2</sup>

606.484,48 □

2.022.415,36 □

O uso do local será compartido pola Deputación e a Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais Julilo Portela Ceballos” compatibilizando as necesidades de ambas as dúas institucións.

### **Segunda.- Obrigas do cesionario**

Os espazos cuxos usos se autorizan utilizaranse exclusivamente para impartir ensinanzas universitarias da Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais Julio Portela Ceballos ou servizos complementarios vinculados á devandita escola (oficinas, salas de seminarios, biblioteca, salas para profesores, zonas de arquivos, etc.)

A Fundación, para axeitar os espazos que utilizará ás fins sinaladas, realizará as obras de acondicionamento que precise, logo do coñecemento e aprobación pola Deputación provincial.

En tanto estea vixente a autorización de uso dos locais, os gastos de funcionamento dos espazos utilizados pola Fundación e os de mantemento, así como calquera outro (teléfono, gas, auga, luz...), correrán a cargo da Fundación.

### **Terceira.- Prazo de cesión de uso**

A autorización de cesión de uso realizarase por un período máximo de catro anos, a partir da data de formalización do presente convenio, se ben poderá prorrogarse expresamente por outros dous anos, a solicitude razoada da Fundación

Porén, en calquera momento a Deputación, e en función das súas necesidades, poderá deixar sen efecto a autorización de uso, cun aviso previo de seis meses.

#### **Cuarta.- Natureza xurídica**

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver as cuestións litixiosas que en aplicación do presente convenio se susciten entre as partes.

Faise constar que este convenio foi aprobado en sesión plenaria celebrada o día .

E en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado no lugar e data indicada no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL      A FUNDACION ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS  
LABORAIS JULIO PORTELA CEBALLOS

Asdo. Salvador Fernández Moreda

Asdo:

#### **29.-MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO Nº 15 DO 24 DE ABRIL DE 2009 NO QUE SE APROBOU A CESIÓN DE USO DO LOCAL SITUADO NA RÚA MATADOIRO Nº 68 AO CONCELLO DA CORUÑA, PARA A CREACIÓN DUN ESPAZO DIRIXIDO Á XUVENTUDE E A ENTIDADES DE ACCIÓN VOLUNTARIA E SOLIDARIA AMPLIANDO O PRAZO DE CESIÓN DE USO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Modificar o punto 4 do acordo plenario nº 15 do 24-04-09 relativo á cesión de uso do local sito na rúa Matadoiro nº 68 ó Concello da Coruña, quedando redactado como segue:

“ O prazo de cesión de uso do local será de quince anos contados dende a súa entrega por parte da Deputación. Transcorrido o dito prazo o local cedido en uso reverterá ó patrimonio da Deputación.

A Deputación, en calquera momento e na función das necesidades para fins provinciais, poderá deixar sen efecto a autorización de cesión de uso cun aviso previo de tres meses.”, permanecendo invariables o resto das condicións de cesión a que se refire o acordo plenario do 24 de abril de 2009.”

#### **30.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BERGONDO PARA FINANCIAR A INSTALACIÓN DA CUBERTA DO PATIO DO CRUZ DO SAR E DE MODIFICACIÓN DA BASE 48 DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2009.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio atendendo ao obxecto e finalidade da actividade que se ha realizar procede

APROBAR a formalización e o texto do **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA e o Concello de BERGONDO** con CIF: P 1500800F e domicilio na estr. da Coruña, 12 15165 Bergondo para financiar a **INSTALACIÓN DA CUBERTA DO PATIO DO CPI CRUZ DO SAR .”**, cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 120.000.€, (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 59,7179% do presuposto total de gastos).”

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E o Concello de BERGONDO** para financiar a obra de **INSTALACIÓN DUNHA CUBERTA NO PATIO DO C.P.I " CRUZ DO SAR" -**

Na Coruña, o na sede da Deputación Provincial da Coruña

#### REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte a Sra. , **D<sup>a</sup> Alejandra Pérez Máquez Alcaldesa** Presidenta do **Concello de BERGONDO**

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

#### MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de BERGONDO** ambas as dúas partes

#### ACORDAN

Formalizar o presente **CONVENIO DE COLABORACIÓN** conforme ás seguintes cláusulas:

#### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **Concello de BERGONDO** con CIF P-1500800F, para o financiamento da obra **INSTALACIÓN DUNHA CUBERTA NO PATIO DO**

**C.P.I " CRUZ DO SAR"** - tal como aparece definida esta no proxecto (básico ou de execución), redactado por ÁNGEL DELGADO CID COLEXIADO Nº 4.657 \_ ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS

**Concello de BERGONDO**, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como, no seu caso, a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa, así como a obter a dispoñibilidade de terreos necesaria para a execución das obras.

## **II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.**

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, repártese co seguinte detalle:

P. E.M:	145.569,95
GASTOS	XERAIS
18.924,09	
BENEFICIO	INDUSTRIAL
8.734,20	
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	
27.716,52	
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	
<b>200.944,76</b>	

## **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 120.000 € o que representa unha porcentaxe do **59,7179%**

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **59,7179%** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/911E/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle ó **Concello de BERGONDO** o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o **Concello de BERGONDO axustará** toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o **Concello de BERGONDO** estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1. Consonte ao disposto na base 55ª.2 das de execución do Orzamento para o ano 2009, ata o 70 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do **Concello de BERGONDO** pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- 1 Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de obras, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- 2 Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 3 Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 30 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- 1 Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director
  - 2 Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- 1 Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
  - 2 Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
  - 3 Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
  - 4 Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de BERGONDO facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Concello de BERGONDO** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **Concello de BERGONDO** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devengue desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as obras, o **Concello de BERGONDO** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ó **Concello de BERGONDO** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ó **Concello de BERGONDO** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. O **Concello de BERGONDO** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. O **Concello de BERGONDO** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao **Concello de BERGONDO** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Concello de BERGONDO** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Concello de BERGONDO** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ó **Concello de BERGONDO** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 2 de novembro de 2010.

2. Despois da solicitude do **Concello de BERGONDO** realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.



#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do **Concello de BERGONDO**, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ con data do \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	A ALCALDESA-PRESIDENTA DO <b>CONCELLO DE BERGONDO</b>
Asdo.: Salvador Fernández Moreda	Asdo.:D <sup>a</sup> Alejandra Pérez Máquez,,

#### **31.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE BERGONDO PARA FINANCIAR AS SUBMINISTRACIÓNS PARA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS CULTURAIS E EDUCATIVAS NO LUGAR DA SENRA E DE MODIFICACIÓN DA BASE 48 DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO DE 2009.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio atendendo ao obxecto e finalidade da actividade que se ha realizar procede

APROBAR a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA e o Concello de **BERGONDO** con CIF: P 1500800F e domicilio na estr. da Coruña, 12 15165 Bergondo para financiar a SUBMINISTRACIÓN PARA A MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS CULTURAIS E EDUCATIVAS NO LUGAR DA SENRA.”, cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 77.600.€, (o que

representa unha porcentaxe de financiamento do 85,2815.% do presuposto total de gastos).”

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BERGONDO PARA A O FINANCIAMENTO DAS MELLORAS DAS INSTALACIÓNS CULTURAI E EDUCATIVAS NO EDIFICIO DA SENRA**

Na Coruña, o de de 2009 na sede da Deputación Provincial da Coruña

**REUNIDOS**

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte a Sra. D<sup>a</sup>. Alejandra Pérez Máquez, Alcaldesa Presidenta do Concello de BERGONDO

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de BERGONDO ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de BERGONDO C.I.F. P-1500800F, para o financiamento da adquisición dos bens mobles que se describen de seguido:

DENOMINACIÓN: MELLORAS DAS INSTALACIÓNS CULTURAI E EDUCATIVAS NO EDIFICIO DA SENRA:**MOBILIARIO**

**II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.**

Segundo o informe de valoración que achegou o Concello de BERGONDO, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 90.992,73 EUROS.

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 77.600,00 euros o que representa unha porcentaxe do **85,2815%**.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 85,2815 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e instalación do ben moble.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/911E/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ó Concello de BERGONDO o outorgamento do correspondente contrato de subministracións.

1. No procedemento de contratación, o Concello de BERGONDO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial

2. Adquirido o ben, o Concello de BERGONDO deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1. Consonte ao disposto na base 55ª.2 das de Execución do Orzamento para o ano 2009, ata o 70 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de BERGONDO pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: persoa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2. Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 30 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificación acreditativa do pago do ben.  
Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de BERGONDO, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de BERGONDO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de BERGONDO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, o Concello de BERGONDO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da formalización do contrato e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ó Concello de BERGONDO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ó Concello de BERGONDO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 54.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. O Concello de BERGONDO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. O Concello de BERGONDO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de BERGONDO poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de BERGONDO queda sometido aos procedementos de

fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do moble ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

#### **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de BERGONDO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ó Concello de BERGONDO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 02/11/2010.

2. Despois da solicitude do Concello de BERGONDO, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de BERGONDO respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia número con data do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O A ALCALDESA-PRESIDENTA ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE BERGONDO
Asdo.: Salvador Fernández Moreda	Asdo.: D <sup>a</sup> . Alejandra Pérez Máquez,

## **32.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE MUROS PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDA NO PROXECTO “DOTACIÓN DE**

**HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL DAS SALINAS  
”E DE MODIFICACIÓN DA BASE 48 DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO  
EXERCICIO DE 2009.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio atendendo ao obxecto e finalidade da actividade que se ha realizar procede

APROBAR a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA e o Concello de Muros con CIF: para financiar as obras incluídas no proxecto “DOTACIÓN DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL DAS SALINAS, ESTEIRO, CONCELLO DE MUROS.”, cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 80.000,00.€, (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 13,721.% do presuposto total de gastos) .”

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MUROS PARA O  
FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DA OBRA DOTACIÓN DE HERBA  
ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL AS SALINAS, ESTEIRO**

Na Coruña, o na sede da Deputación Provincial da Coruña  
Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte o Sr. D.Domingos Dosil Cubelo, Alcalde Presidente do Concello de Muros

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Muros ambas as dúas partes

**A C O R D A N**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**



O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Muros con N.I.F.P1505400J para o financiamento da **OBRA DOTACIÓN DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL AS SALINAS, ESTEIRO**, tal como aparece definida esta no proxecto de execución, redactado por DON/DONA Luís Gil Pita e Cristina Nieto Peñamaría, arquitectos,

A XUNTA DE GALICIA deberá obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como, no seu caso, a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa, así como a obter a dispoñibilidade de terreos necesaria para a execución das obras.

## **II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.**

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, repártese co seguinte detalle:

P. E.M:	408.640,09
GASTOS XERAIS	17% 69.468,82
BENEFICIO INDUSTRIAL	24.518,41
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	
80.420,37	
PRESUPUESTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	
<b>583.047,69</b>	

## **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 80.000 €, o que representa unha porcentaxe do 13,72 1%.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 13,721%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/911E/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Corresponderalle á Consellería o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, o Concello de Muros axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Muros estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1. Procederase a expedir os pagamentos a prol do Concello de Muros pola contía resultante de aplicar a porcentaxe do coeficiente de financiamento sobre o importe de certificacións de obra da obra, unha vez que presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación:

- 1 Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de obras, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- 2 Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 3 Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 4 Acreditación do pago á Consellería da achega municipal correspondente

2. Rematada completamente a obra, e coa derradeira certificación de obra remitirase a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1. Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director
2. Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- 3.
4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
5. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
6. Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
7. Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de Muros facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

3. O aboamento da contía da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Muros na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Muros terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Muros deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ó Concello de Muros para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ó Concello de Muros da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. O Concello de Muros deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. O Concello de Muros destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Muros poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Muros queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na base 54<sup>a</sup> das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Muros serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ó Concello de Muros será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 2 de novembro de 2010.

2. Logo da solicitude do Concello de Muros, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e tras os informes previos preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Muros, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ con data do \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUROS
Asdo.: Salvador Fernández Moreda	Asdo.: Domingos Dosil Cubelo

#### **33.-APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO INCLUÍDO NO PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011 ACONDICIONAMENTO DA DP 4904 DAS SOMOZAS A BALOCOS POR MOECHE P.K. 7 AO 8 MOECHE) E SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A REALIZACIÓN DAS CITADAS OBRAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“- Aprobar tecnicamente os proxectos que integrarán o PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011. A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito axeitado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

TÍTULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA
ACONDICIONAMENTO DA DP 4904 DE AS SOMOZAS A BALOCOS POR MOECHE PK 7 AO 8 (MOECHE)	760.634,35
totais	760.634,35

Expor ao público o citado proxecto mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e de acordo cos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das obras ACONDICIONAMENTO DA DP 4904 DAS SOMOZAS A BALOCOS POR MOECHE PK 7 ao 8 (MOECHE), tales como que:

Con data de hoxe a estrada provincial DP-4904, obxecto do presente proxecto, consta dunha plataforma total de 6 a 7 m de largo, composta por mestura asfáltica existente, e fochancas laterais en terras.

Fixase como obxecto do presente proxecto, a ampliación da plataforma existente na DP-4904, pasando da sección de 6/7 m a unha sección de 10 m, composta por carrís de 3,50 m, beiravías de 1,00 m e bermas laterais de 0,50 m

Doutra banda contéplase a mellora do trazado existente en planta, mellorando as curvas existentes no tramo considerado, e executando unha nova glorieta que sirva de acceso ao futuro parque empresarial de Balocos e de igual forma conecte o núcleo de San Ramón de Moeche a través dunha pista municipal existente.

Esta nova glorieta terá un diámetro exterior de 34,60 m, e estará formada por dous carrís de 4,00 m de largo, beiravía interior de 0,50 m, beiravía exterior de 1,00 m e berma lateral de 0,50 m.

Tanto no tronco da estrada DP-4904, como na nova glorieta que se ha executar, realizouse un exhaustivo estudo de tráfico para o dimensionamento dos novos firmes proxectados, considerando o tráfico inducido na DP-4904 como consecuencia do futuro parque empresarial de Balocos.

Proxéctase a execución de novas fochancas laterais en terras ou revestidas (en función da pendente do terreo), en forma triangular de 0,40 m de altura e noiros 3/2 e 1/1, seguindo a tipoloxía de fochancas xa executadas en tramos contiguos.

No principio da actuación, encóntrase un paso existente sobre a liña de ferrocarril de FEVE, o cal ten unha sección formada por dous carrís de aproximadamente 3,15 m, beiravías de 0,50 a 0,75 m e beirarrúas en saínte de aproximadamente 1,00 de largo.

Coa ampliación de firme preténdese crear dous carrís de 3,50 m e beiravías laterais de 0,50 m, para reducir o efecto parede, o que se consegue recuando a bionda existente e colocándoa nas actuais beirarrúas en saínte.

Como consecuencia desta ampliación do firme no paso sobre a liña de FEVE, fanse impracticables as beirarrúas actuais, polo que se proxecta a colocación dunha pasarela metálica de 30 m de longo e 1,80 m de largo útil, na marxe dereita da ponte actual separado das actuais beirarrúas aproximadamente 0,55 m

Como actuacións complementarias contéplase a sinalización horizontal e vertical en todo o ámbito da actuación e a reposición de todos os servizos afectados pola actuación.

Ao producirse un aumento no largo da plataforma do vial, foi necesaria a consideración da construción dun muro de contención na marxe dereita entre os PK 0+050 e 0+075.

Proxéctase un muro de formigón composto por punteira e talón con alzado medio de 3,00 m de altura.

Na actualidade pola marxe dereita do tramo obxecto do presente proxecto discorre unha condución de auga potable de PVC de 160 mm de diámetro, a cal se sitúa na actual fochanca en terras, polo que é previsible que co novo paquete de firmes sexa afectada en toda a súa lonxitude. Prevese a súa reposición mediante unha tubaxe de polietileno de 160 mm de diámetro.

Considérase tamén a reposición de varias cruces e interseccións existentes que parten da tubaxe mencionada anteriormente, e que están formadas por tubaxes de PVC Ø110 mm A reposición destas condicións prevese en polietileno de 110 mm de diámetro.

En todas as cruces reforzaranse as novas tubaxes proxectadas mediante unha lousa de formigón en masa de 10 cm de grosor, tal como se detalla no documento nº 2: Planos.

Finalmente considéranse novas arquetas de rexistro, para a inspección e mantemento das novas redes proxectadas.

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

- Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución da obra

TÍTULO DO PROXECTO
ACONDICIONAMENTO DA DP 4904 DE AS SOMOZAS A BALOCOS POR MOECHE PK 7 AO 8 (MOECHE)

mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producisen.”

#### **34.-APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009, 11ª FASE, INTEGRADO POLOS PROXECTOS:**

**-CONSTRUCCIÓN DA SENDA PEONIL NA ESTRADA DP 3204 CURTIS A LAVACOLLA PK 1+180 A 1+188 (CURTIS-VILASANTAR).**

**-MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA TRAVESÍA NA DP 4604 P.K. 2+480 A 3+100 AS BARREIRAS (MELIDE)**

**-TRAVESÍA NA ESTRADA DP 3205 PRÉSARAS A CARREGOSA P.K. 0+000 A 0+266 (VILASANTAR).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2009 11ª FASE cun orzamento total de 995652,60.- euros e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
CONSTRUCCIÓN DE SENDA PEONIL NA ESTRADA DP 3204 CURTIS A LAVACOLLA PK 1+180 AO 1+844 (CURTIS-VILASANTAR)	90.625,10
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA TRAVESÍA NA DP 4604 PK 2+480 A 3+100 AS	729.634,20



BARREIRAS (MELIDE)	
TRAVESÍA NA ESTRADA DP 3205 PRÉSARAS A CARREGOSA PK 0+000 A 0+266 (VILASANTAR)	175.393,30
TOTAL	995.652,60

Esta aprobación inicial ten o carácter de mera programación, que non xera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito axeitado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou a correspondente fase del.

3) Remitirille os citados proxectos aos concellos para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos que se han nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno na sesión do 29.02.2008 (BOP 57/08.03.2008).”

**35.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2008 1ª FASE 3ª RELACIÓN, INTEGRADO POLO PROXECTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP 9302 DE ZAS A ROMELLE E FORCADELA P.K. 0,470 AO P.K. 0,700 ZAS (0811300019.0).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar provisionalmente o Plan de TRAVESÍAS 2008 1ª FASE 8ª RELACIÓN, integrado polo proxecto que a continuación se relaciona, cun orzamento total de 121.130,09 euros e que é o que a continuación se detalla

Denominación	Orzamento
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP 9302 DE ZAS A ROMELLE E FORCADELA P.K. 0,470 AO P.K. 0,700. ZAS. (0811100019.0)	121.130,09

2ª Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentarse reclamacións.”

**36.-CONCEDER UN PRAZO DE 20 DÍAS AO CONCELLO DA CORUÑA, PARA CORRIXIR A DOCUMENTACIÓN DO PROXECTO TERMINACIÓN DO MODIFICADO Nº 1 TRAVESÍA NA EP 3004 DE CABANAS A MARTINETE PQ 0,3 A PQ 1,40 (A CORUÑA).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Conceder un prazo de 20 días contado desde a notificación do presente acordo para que o Concello da CORUÑA remita a esta Deputación a documentación da base 3 das BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA

CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN DE INCLUIR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2008-2011, aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña na sesión do 29 de febreiro de 2008 para a realización das obras contidas no proxecto TERMINACIÓN DO MODIFICADO Nº 1 DA TRAVESÍA NA EP 3004 DE CABANAS A MARTINETE PK 0,3 A P.K. 1,40 (A CORUÑA).:

*A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.*

*A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes expropiatorios, tanto en fase de prezo xusto determinada pola deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da Orde xurisdiccional contencioso-administrativa, facultando á deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión recadatoria exercida pola deputación por delegación do concello.*

*Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterá unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter medianamente orientativo por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.*

*B) Certificación do Pleno da corporación municipal na que consten os seguintes acordos:*

*a) Aprobación do proxecto e autorización á deputación para executar as obras facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.*

*b) Conformidade coas presentes bases.*

*c) Compromiso de aceptación da entrega das obras unha vez recibidas pola deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.*

*d) Delegación no alcalde-presidente para formalizar o correspondente convenio.”*

Todo iso para os efectos de sometelo, unha vez cumprido o trámite da remisión da documentación, novamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación provisional. Caso de non remitirse a documentación requirida no prazo fixado arquivarase o expediente.”

### **37.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DA EP 2404 A LARACHA Á SILVA POR GOLMAR P.K. 5,900 AO 11,850 A LARACHA E CERCEDA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o proxecto REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DA EP 2404 LARACHA Á SILVA POR GOLMAR PK 5,900 AO 11,850, (A LARACHA E CERCEDA) (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0811100008.1) polo seu orzamento de contrata de 1664777,83.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 224493,71.- EUROS.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO S.L. (B15072713) as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supón un novo orzamento de adxudicación de

1296029,54.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 174768,37.-EUROS

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 7533,12.- EUROS , que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando polo tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 55863,34.- EUROS  
TAXAS DE CONTRATO: 190,46 EUROS.”

**38.-APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009 8ª FASE INTEGRADA POLO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP. 1502 PORTO A LARAXE, P.K. 0,00 AO 1,1 (CABANAS) (0811300010.0).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Modificar a ficha do sistema informático contable da obra MODIFICADO N. 1 DO DE MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA EP 1502 PORTO A LARAXE, P.K. 0,0 AO 1,1. (CABANAS) (0811300010.0) da forma que se indica:

Onde di:... MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NA EP 1502 PORTO A LARAXE, P.K. 0,0 Ao 1,1. (CABANAS) (0811300010.0) Orzamento 881.014,65 euros...  
Debe dicir: .... MODIFICADO Nº 1 MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA EP 1502 PORTO A LARAXE, P.K. 0,0 AO 1,1. (CABANAS) (0811300010.0) Orzamento 787.146,35 euros...

2) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2009 8ª FASE cun orzamento total de 787.146,35.- euros e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MODIFICADO N. 1 DO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP 1502 PORTO A LARAXE, P.K. 0,0 AO 1,1. (CABANAS) (0811300010.0)	787.146,35

Esta aprobación inicial ten o carácter de mera programación, que non xera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito axeitado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou a súa correspondente fase.

Faise constar que o presente proxecto é un modificado do primitivo que xa se aprobou mediante acordo plenario con data do 27 de XUÑO de 2008.

3) Remitirlle o citado proxecto ao Concello para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno na sesión do 29.02.2008 (BOP 57/08.03.2008).”

**39.-APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009 6ª FASE**

**INTEGRADA POLO PROXECTO ACTUALIZADO “TRAVESÍA DO VILAR NA EP 1301 DA GÁNDARA Á AMAÑECIDA PK 5+800 AO PK 6+470 E NO EP 1302 NEGREIRA A URDILDE PK 5+470 AO PK 5+600 VILAR (BRIÓN).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”1) Deixar sen efecto o acordo 16 do 30-11-2007 polo que se aprobaba inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2007 5ª FASE integrada polos proxectos que a continuación se relacionan, cun orzamento total de 337.427,52.- euros e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
TRAVESÍA DE VILAR NA EP 1301 DA GÁNDARA Á AMAÑECIDA PK 5+800 AO PK 6+470 E NA EP 1302 NEGREIRA A URDILDE PK 5+470 AO PK 5+600 VILAR (BRIÓN)	337.427,52
TOTAL	337.427,52

e solicitábase á Xunta de Galicia a declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos que cómpre ocupar para a realización da citada obra, toda vez que o proxecto foi actualizado polo Servizo de Vías e Obras Provincial.

2) Darlle a baixa no sistema informático contable á obra que se relaciona:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
0711300006.0	TRAVESÍA DE VILAR NA EP 1301 DA GÁNDARA Á AMAÑECIDA PK 5+800 AO PK 6+470 E NA EP 1302 NEGREIRA A URDILDE PK 5+470 AO PK 5+600 VILAR (BRIÓN)	337.427,52
	TOTAL	337.427,52

3) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2009 6ª FASE cun orzamento total de 616151,31.- euros e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
PROXECTO ACTUALIZADO TRAVESÍA DE VILAR NA EP 1301 DA GÁNDARA Á AMAÑECIDA PK 5+800 AO PK 6+470 E NA EP 1302 NEGREIRA A URDILDE PK 5+470 AO PK 5+600 VILAR (BRIÓN)	616.151,31
total	616.151,31

Esta aprobación inicial ten o carácter de mera programación, que non xera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito axeitado e suficiente e se aprrobe definitivamente o plan ou a súa correspondente fase.

4) Remitirle os citados proxectos aos concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno na sesión do 29.02.2008 (BOP 57/08.03.2008).”

Sr. Presidente

Antes de pasar á actuación de control imos dar lectura a unha declaración institucional que asinaron os tres grupos políticos. Ten a palabra o Sr. Secretario.

Sr. secretario

### **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DE A CORUÑA AO RESPECTO DAS CAIXAS DE AFORRO**

Os grupos políticos con representación na deputación da Coruña P.P., PSdeG-PSOE e BNG presentan a seguinte declaración institucional:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O estoupido da crise financeira está a provocar un amplo debate sobre o modelo de caixas de aforro en Galicia, ao que non poden ser alleas as entidades locais. Alén do seu carácter de entidades financieras, as caixas – pola súa natureza fundacional – teñen unha vocación social e unha vinculación co territorio no que se asentan e constitúen o principal instrumento financiador da economía galega.

Por outra banda, a precipitación de acontecementos e novas sobre a reestruturación das entidades de crédito, logo da constitución do Fondo Ordenado de Reestruturación Bancaria (FROB), obriga a ter unha posición común en defensa da galegitude das caixas de aforro de Galicia, a salvagardar as competencias exclusivas que sobre as caixas de aforro se recoñecen no Estatuto de Autonomía, e a adoptar decisións sin demora que garantan a solvencia das caixas galegas e a recuperación do seu papel de canalización do aforro galego cara os sectores vitais da nosa economía produtiva.

A consecución deses obxectivos necesariamente a que as caixas de aforro galegas manteñan os seus centros de decisión en Galicia, mais tamén a abordar unha reforma legal pola que se reforce a función de protectorado e control público das caixas de aforro, dada a súa natureza e función social, para conectalas coa estratexia económica máis acaída dos intereses económicos do país.

Polo exposto anteriormente o Pleno da Deputación Provincial da Coruña acorda:

1.- Apoiar aos tres grupos políticos da Cámara galega no obxectivo de conseguir que o centro de decisión das caixas de aforro galegas se manteña en Galicia.

2.- Apoiar igualmente aos grupos parlamentarios galegos no obxectivo de lograr unha lei reguladoras das caixas de aforro galegas que asegure o seu carácter público, o seu compromiso efectivo coa economía produtiva e a criazón de emprego en Galicia, así como a orientación da súa obra social cara a satisfacción das necesidades sociais e culturais do noso país.

3.- Trasladar esta declaración institucional aos grupos parlamentarios da Cámara galega.”

Sr. Presidente

Esta é unha declaración asinada por todos os voceiros dos tres grupos políticos.

#### ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. Presidente

Hai unha moción presentada polo Partido Socialista e o BNG. Vai presentar a moción a Sra. Pérez Fernández. Se lles parece ben, aproveitando xa o costume que temos, presenta a moción e defénda tamén e logo xa votaremos a urxencia.

Sra. Pérez Fernández

Bo día outra vez a todos e a todas. Esta moción que presenta o equipo de goberno desta institución vén referida, é relativa á execución da obras da vía de alta capacidade Barreiros-Ferrol, e para intentar ser breve, moi basicamente, o que se expón nela é que xa no ano 2001 o Consello da Xunta aprobou o Plan de Infraestruturas viarias das bisbarras de Ferrolterra, Eume, Ortegaleira e Mariña luguesa, onde figuraba un programa con diversas infraestruturas e o compromiso de investimento das administracións central e autonómica, nunha contía determinada naquel momento e máis concretamente a vía de alta capacidade do litoral tramo San Cibrao-Ferrol e a vía de alta capacidade do litoral tramo Barreiros-San Cibrao. Fixábase un prazo de finalización que se situaba no ano 2013, xa atrasando un prazo previo que había anteriormente e, insisto que estou resumindo, e agora a Xunta de Galicia vén de recoñecer tamén hai pouco tempo que a maior parte dos tramos do corredor Ferrol-San Cibrao, non estarán operativos ata o ano 2017, segundo ademais unha contestación a unha interpelación parlamentaria feita desde o propio Partido Popular.

Nós entendemos, o equipo de goberno entende, que xa son moitos os atrasos acumulados nesta vía en concreto e que, polo tanto, non é de recibo que o cronograma, que os prazos se atrasen aínda máis ata o ano 2017. Polo tanto, solicitamos do Pleno da Corporación, que adopte os seguintes acordos:

En primeiro lugar, que o Pleno inste á Xunta de Galicia a acordar un cronograma con prazos e consignacións orzamentarias suficientes que permitan terminar a vía de alta capacidade Barreiros-Ferrol no horizonte do ano 2013, como estaba xa anunciado, introducindo as correccións que procedan nos orzamentos polo tanto para o ano 2010, que posibiliten o cumprimento destas previsións, e dar traslado, evidentemente, do presente acordo, ao presidente da Xunta e aos grupos con representación no Parlamento Galego.

Quero, Sr. Presidente, xa para finalizar, dicir que neste momento toda a bisbarra de Ferrol e de Ortegal e da Mariña está, sen distinción de cor política, a favor de solicitar que, evidentemente, o prazo se reduza de 2017 ao que estaba, que era o 2013, e incluso que deputados compañeiros aquí desta Cámara pertencentes a esa zona xeográfica, aclararon publicamente que se dirixiron ao presidente da Xunta para indicarlle que a nova data que se daba non era razoable. Polo tanto, entendemos que é unha moción cuns obxectivos que todos podemos compartir. Moitas grazas.

#### Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. Presidente. O Grupo Popular nestes momentos gustaríalle votar a favor desta moción, pero o que si é certo, e acaba de dicilo o Sr. Lagares, que os foros axeitados son os que son. Eu remítome a unha moción presentada polo Grupo Provincial Popular do 29 de marzo de 2005, e asinada polo Sr. Juan Manuel Cendán Fernández, deputado do Grupo Provincial Popular, na que instaba tamén a acelerar estes tres tramos da autovía do Cantábrico, nese momento gobernaba a Xunta de Galicia o Partido Popular e o Goberno da nación o Partido Socialista. A contestación do Sr. Presidente neses momentos foi, e leo textualmente: “A min gustaríame como presidente facer unha chamada de advertencia ás Sras. e Sres. deputados, isto é a Deputación provincial e temos unhas competencias e sobre todo, as competencias podemos discutir e podemos acordar o que sexa preciso, pero isto non é nin o Parlamento de España nin o Parlamento Galego. Todos os grupos aquí presentes temos compañeiros que nos representan no Parlamento Galego e no Parlamento Español, son cuestións que afectan competencias que como cidadáns non nos son alleas, pero como institución si nos son alleas”.

Independentemente que o Grupo Provincial Popular pense que todo afecta aos concellos, eu quero que o debate se faga, e para iso están os representantes, no foro axeitado, como dicía o Sr. Lagares hai un pouco. Entón, se nos saímos do foro axeitado, que nos saíamos sempre, en 2005 esta era a resposta, e independentemente de que coincidimos en parte coa Sra. Rosana Pérez, temos que dicir que hai outros foros que poden debatelo independentemente de que recoñezamos que se trata de concellos, de que é certo que todas as cores políticas piden iso, pero non vaíamos agora a levar o debate por quen incumpriu os prazos, se foi o Sr. Núñez Feijoo, actual presidente da Xunta no seu momento, cando en 2005 se aprobou o estudo informativo, ou foi despois a Sra. Caride, durante tres anos e medio, ou é agora o actual conselleiro ao que lle toca pór os distintos axustes de previsións, que eu espero tamén, e dígoos nesta cámara, que

espero que baixen do 2017, eu creo que vai ser unha petición tamén dos alcaldes, dos cidadáns, que vai ser tida en conta. Moitas grazas.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados (12 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 11 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

Se aprueba la siguiente moción:

### **MOCIÓN DO EQUIPO DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PsdeG-PSOE e BNG), RELATIVA Á EXECUCIÓN DAS OBRAS DA VÍA DE ALTA CAPACIDADE BARREIROS-FERROL**

Os grupos políticos do Equipo de Goberno da Deputación da Coruña (PSdeG-PSOE e BNG) presentan a seguinte MOCIÓN:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Consello da Xunta aprobaba, con data 6 de Abril de 2001, o denominado “*Plan de Infraestruturas Viarias das comarcas de Ferrolterra, Eume, Ortegal e Mariña luguesa*”, onde figuraba un programa con diversas infraestruturas e o compromiso de investimento das administracións central e autonómica nunha cuantía de 191.094 millóns de pesetas; e máis concretamente a “*Vía de Alta Capacidade do Litoral ( tramo San Cibrao-Ferrol*” e a “*Vía de Alta Capacidade do litoral ( tramo Barreiros-San Cibrao)*”.

Resulta evidente a estas alturas o considerábel retraso a respecto da previsión de execución das obras marcada pola propia Administración Galega, como o vén a demostrar a resposta parlamentar de hai poucos días onde o Goberno Galego non só recoñece o devandito retraso, senón que ademáis confirma outro novo aprazamento das obras; que situaría o previsíbel remate dos diversos tramos no horizonte do 2017. Retraso que, tal e como se recoñece no devandito documento, vai ser máis notábel nos tramos pendentes de executar nas comarcas de Ferrolterra e Ortegal, dos que a maioría - agás a variante de Ortigueira – están aínda en fase de redacción dos proxectos construtivos ou de trazado e impacto ambiental; ao marxe de quedar por concretar outras cuestións técnicas ( acceso a Cariño...).

Do mesmo xeito, na programación plurianual que figura nos Orzamentos Galegos para o vindeiro 2010 figura o groso do investimento desta infraestrutura a executar nas anualidades de 2013 e seguintes; chegándose mesmo á redución de 16 millóns de euros – dos que 3 millóns son de treitos nas comarcas de Ferrolterra e Ortegal - das previsións que tiña feito o anterior goberno galego para o 2010 nos orzamentos do



2009, con relación ao que agora fai o actual goberno no proxecto de Orzamentos para o 2010.

E convén lembrar aquí que segundo o cronograma que tiña establecido a propia Xunta no momento de deseñar esta infraestrutura, estíbese a falar dun período de execución entre o 2001 e 2007; polo que o previsíbel retraso – caso de cumprírense os prazos dos que agora se fala – sería nada máis e nada menos que de dez anos con relación aos compromisos asumidos no seu día polo goberno galego.

O reiterado incumprimento dos compromisos e prazos para a execución desta importante e necesaria infraestrutura ten, evidentemente, efectos nefastos para o presente e futuro das comarcas de Ferrolterra, Eume, Ortegal e A Mariña de Lugo, toda vez que perpetúa o aillamento das mesmas a nivel comunicativo e tamén económico; nunha grande área socio-económica na que se asentan importantes enclaves industriais ( Endesa-As Pontes, Navantia, Megasa, Porto Exterior de Ferrol, Inespal-Alcoa, ABSA, Porto de Celeiro.....) unida a outras importantes actividades como a pesca, explotación forestal, etc.....Unha situación que, en momentos de crise económica como a que estamos a padecer, resulta inaceptábel e mesmo podería derivar en efectos irreversíbeis.

Polo exposto anteriormente os grupos políticos do Equipo de Goberno da Deputación da Coruña (PSdeG-PSOE e BNG), propoñen ao pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- O Pleno da Corporación insta á Xunta de Galicia a acordar un cronograma con prazos e consignacións orzamentarias suficientes que permitan rematar a Vía de Alta Capacidade Barreiros-Ferrol no horizonte de 2013; introducindo as correccións que procedan nos Orzamentos para o 2010 que posibiliten o cumprimento destas previsións.

2.- O Pleno da Corporación acorda trasladar o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos grupos con representación no Parlamento Galego.

(Abandona o salón a Sra. Vázquez Veras).

## ROGOS E PREGUNTAS

Sra. González Vázquez

Bos días a todos e a todas. Quero facerlle unha pregunta moi directa, Sr. presidente, e gustaríame que hoxe non me acuse de dar mitins nin nada semellante, que doutra banda é algo lícito en política. E quero que a conteste, se pode ser para que os veciños queden tranquilos. Cando van cobrar os veciños de Bens cuxas leiras foron invadidas para a construción da senda peonil na estrada 3003 de San Pedro de Visma a Mazairo?, porque os feitos foron deste xeito.

No Pleno desta Corporación en xuño vostede contestou que estaban facendo o carreiro peonil e casualmente que as máquinas estaban traballando “desde onte mesmo”, foron as súas palabras, con todo non se preocupou de en que condicións entraban nas leiras. O peor que pode facer unha administración é producir desamparo aos cidadáns, e créame, nestes momentos esta actuación produciuno.

Nestes momentos esta actuación produciuno, vostede non se preocupou se había unha acta de replanteo, se había cesión de terreo, se había unha acta de expropiación, e a democracia non ampara que no seu nome, en nome desta Deputación, se entre nunha leira sen permiso do dono, destruindo parte do milleiral, sen permiso porque non se trataba nin dunha situación, nin de catástrofe, nin de urxencia, e agora si, agora os veciños consideran que se lles estragaron as leiras e isto para eles si que é unha catástrofe, e o cobro do arrebatado, que non cedido, si é unha urxencia para eles.

Créame, Sr. presidente, sinto dicirlle que está actuando moi mal cos veciños, e a miña obrigaición, desde a coherencia persoal e política da que lle falo no outro punto o outro día, ao pedirlle tamén a conxelación que vostede me acusou de mitinera, é que acelere ao máximo o pagamento destes terreos.

Entraron sen consentimento, sen permiso e sen autorización, nin escrita, nin verbal. Chegaron a non recoñecer, ata hai uns días, que invadiran as propiedades. Os veciños tiveron que perder tempo e diñeiro dos seus traballos, pagando a avogados e a peritos, para defender os seus metros, para defender o seu. A senda, que por certo quedou perigosa, cunha curva sen protexer, que fai o tránsito perigoso a risco de atropelo, se o que fixo foi acalar a un veciño pola publicidade que este facía da mala xestión da Deputación, hoxe que falamos de orzamentos, pídlle que se poña de acordo xa cos veciños, que pague xa as súas propiedades, e non nos entreteñan con que agora hai que facer o proxecto da senda e ver como encaixa nos novos orzamentos como hoxe se lles dixo.

Sr. presidente, pode dicirlle ao Pleno cando van cobrar os veciños, e non se pare en perífrases, nin en descalificacións, a realidade é esta, e é a que lle traio ao Pleno. Moitas grazas.

Sr. presidente

Grazas, Sra. González, desde cando sabe vostede iso?, porque se o sabe hoxe, paréceme razoable que o presente aquí, se o sabe desde hai 15 días ou 1 mes, o razoable é que o expoña se buscan solucións, porque vou dicir algo, non sei nada do que vostede me di, e pódolle asegurar que a Deputación da Coruña cando actúa e expropia, actúa escrupulosamente, e pagando todo o que ten que pagar, e se neste caso se expropiou e se fixo mal, descoñézo, agora, tampouco coñezo ningunha carta que os veciños envíen aquí protestando. Eu o que non entendo é que se vostede quere resolver un problema, cando teña coñecemento do problema, o expoña, non espere a que haxa un Pleno para facelo publicamente. En calquera caso, respondereille por escrito, porque non teño

datos, eu dubido que a Deputación faga unha obra sen dispor dos terreos, dubídoo, e polo que recordo, esta senda peonil, polo que recordo, pode estar equivocado, fíxose en zona de afección da estrada, co cal é unha zona propiedade da Deputación, non o sei. En calquera caso haberá que ver se hai aquí reclamacións, algunha carta, non o sei, e rógolle de verdade que cando teña un problema, como fan outros dos seus compañeiros, vén polo despacho, expono, chamo ao funcionario, miramos o que hai, e se hai unha solución, buscámola, pero non espere a que haxa un Pleno. Ben, é o seu lexítimo dereito, por Deus, é o seu lexítimo dereito, pero eu tamén teño lexítimo dereito a pensar que a intención non era sobre o tema senón expor unha cuestión, e se a quere expor, expóña cando a coñeza. Grazas.

Sr. Rey Varela

Moitas grazas, Sr. Presidente, dicirlle que eu tamén expoño esta pregunta no Pleno con ánimo, como a miña compañeira, de resolver un problema do que tivemos coñecemento. Pódese ademais facer porque as actuacións de control son propias dos Plenos democráticos das corporacións. Polo tanto, dicirlle que este Grupo político tivo coñecemento duns problemas en canto a recadación tributaria, dalgúns tributos de vencemento periódico no Concello de Melide, non sei se vostede é coñecedor deste asunto, en todo caso gustaríanos se é coñecedor do que sucedeu, se a responsabilidade é do Concello ou é da Deputación, e que medidas vai tomar, ou ben o Concello, ou ben a Deputación, para liquidar este problema no que se vai a atopar o Concello de Melide que parece próximo aos 300.000 euros polo non cobro das taxas neste exercicio. É unha cuestión bastante rara, bastante pouco habitual, pero si que nos gustaría que nos contestase o Sr. presidente cando fose posible. Moitas grazas.

Sr. presidente

Grazas, Sr. Rey, descoñezo o tema, imaxino que se non se cobraron é porque non se emitiron, porque nós pomos ao cobro todo o que mandan os concellos, e como vostede sabe o Servizo de Xestión e Recadación e Inspección, funciona moi ben. Se hai un problema puntual nun Concello trataremos de ver que problema é, descoñezoo, a min non me informou ninguén do departamento de Depositaria que houbera ningún problema, e o que si me din é que os recibos ponse ao cobro, que en voluntaria se paga unha porcentaxe moi alta e en executiva chegamos ao 92-93%. En calquera caso preguntareille ao responsable, ao depositario, que me diga que problema existe, e se é un problema da Deputación ou do Concello, e se é do Concello que me diga como podemos resolvelo para axudar ao Concello, que para iso estamos.

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, a secretaria accidental, dou fe.